

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 22 de novembro de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e dous de novembro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34383.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 15 de novembro de 2024.

2.34384.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “+XUNTAS” 2025 (Expte.2024069042)

A igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española e no artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia; ambas normas determinan que lles corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, así como eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes constitúese como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel de todo o Estado español. Así mesmo, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.



No ámbito local, no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, se establece como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo este ámbito competencial, a Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos a promoción da igualdade e a eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como a erradicación da violencia de xénero ao promover liñas de subvencións destinadas a realizar actividades e programas relacionados co impulso e co desenvolvemento de accións que fomenten o principio de igualdade entre mulleres e homes, de conformidade cos criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Tendo en conta que a formación é un instrumento clave para avanzar cara á igualdade e para que esta sexa real e efectiva, a Deputación de Pontevedra pon en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Co programa “+Xuntas” tamén se pretende concienciar a cidadanía cara a un cambio de actitudes e ruptura de estereotipos ao promover a sensibilización na igualdade de xénero e a prevención da violencia machista.

Visto o informe favorable emitido o 30 de outubro de 2024 pola Secretaría Xeral, co CSV QKFLKAGSP6N7QDER, no que se reflicte que a posta en marcha desta liña de subvencións se entende dentro das competencias coas que a Deputación desenvolve a súa actividade de fomento da igualdade e dos intereses xerais da provincia.

Visto que con data 14 de novembro de 2024, Intervención emite informe favorable á tramitación do presente expediente (CSV IGICF5IK4B4Z95UK), indicando que o importe deste programa, que ascende a 323.907,39€, se afrontará con cargo á aplicación 25/250.2315.227.07, quedando condicionada a aprobación destas bases a aprobación definitiva do orzamento do ano 2025 e a existencia de crédito adecuado e suficiente en dita aplicación orzamentaria, ao tratarse dunha tramitación anticipada.

Considerando que o órgano competente para a aprobación das bases reguladoras do Programa “+Xuntas” para o exercicio 2025 e a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.



Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:
Aprobar as bases reguladoras do Programa “+Xuntas” para o exercicio 2025, quedando esta aprobación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento deste organismo provincial para o ano 2025.

Estas bases figuran no expediente co CSV- 3ELUBXE3ENHQU0VC.

3.34385.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO “CAMPAMENTO A LANZADA 2025”. (Expte.2024067750)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º.- De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo cás competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

2º.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 3, os obxectivos do Sistema galego de servizos sociais, incluíndo entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, no artigo 63 relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

3º.- Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, reconece no seu artigo 6 como uns dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer ás familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións. Así mesmo, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no seu artigo 50 establece que as administracións públicas de Galicia poñerán ao dispor das familias solucións efectivas ás súas necesidades de conciliación.

4º.- Finalmente a disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continúen sendo exercidas por estas, e neste sentido, o programa ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, desde os seus inicios nos anos oitenta, de xeito que o que comezou sendo un programa vacacional para os nenos e nenas da Cidade Infantil Príncipe Felipe ampliouse a tódolos rapaces e rapazas da provincia de Pontevedra, ofertando prazas de balde para aqueles que se atopan en risco de exclusión social e permitindo tamén a participación de todos os nenos e nenas de xeito inclusivo, superando cada ano as 4.000 solicitudes.



5º.- En base ao anterior, ponse en marcha unha nova edición do programa “Campamentos A Lanzada” 2025, dirixido a rapazas e rapaces dos concellos da provincia de Pontevedra, que se desenvolverá no Centro de Vacación da Lanzada.

Este programa permite que, ata un máximo de 1.540 menores, empreguen o seu tempo libre no verán en participar en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo, científico e formativo que contribúan ao seu enriquecemento persoal e axuden a que coñezan outros lugares fóra da súa contorna habitual, e ao mesmo tempo posibilita a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.

O proxecto lúdico educativo comprenderá un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas, medioambientais, científicas e de convivencia que posibilite a participación de todas as rapazas e rapaces. Todas as actividades prestaraas un equipo técnico especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre, actividades náuticas, científicas e lingua inglesa.

Do mesmo xeito, para o caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade dispórase do persoal de apoio necesario adaptado ás súas singularidades.

A Deputación, adoptará todas as medidas pertinentes para asegurar que todos e todas participen en igualdade de condicións, nas actividades recreativas, de lecer e de tempo libre, segundo o artigo 49 de Constitución, artigo 30 da Convención Internacional da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, e artigo 7 do Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

6º.- Atópase en tramitación o expediente para a contratación dunha empresa especializada para a xestión técnica educativa do campamento o vindeiro ano 2025 (Expediente 2024044335), que deberá cumprir o Protocolo de actuación fronte a violencia, para a protección integral da infancia e da adolescencia e para a igualdade real e efectiva das persoas Trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, que participen no programa, aprobado por Resolución presidencial número 2023003020 de 28 de outubro de 2021, en aplicación do co establecido na Lei orgánica 8/2021 de 17 de abril de 2023.

O prezo da praza do campamento estímase en preto de 400,00 € por persoa, resultado da suma dos gastos necesarios para a execución deste programa, que inclúen o persoal de cociña para a preparación de alimentos, produtos alimenticios, mantemento e limpeza de instalacións e os gastos da empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnica-educativa.

7º. Nesta convocatoria poderán participar ata un máximo de 1.540 nenas e nenos que cumpran os seguintes requisitos:

- Nacer entre os anos 2012 e 2017 (ámbolos dous incluídos)
- Estar empadroadas ou empadroados na provincia de Pontevedra
- Non padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa



Poderán participar menores en situación de tutela e garda por parte da Administración e aqueles que se atopen tanto en réxime de acollemento residencial coma en atención de día nalgún centro da provincia de Pontevedra. No caso de menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de discapacidade ou algunha patoloxía deberá facerse constar preceptivamente no “cuestionario de saúde e autonomía persoal”, detallando do xeito máis preciso posible as súas necesidades.

Os campamentos terán lugar do 22 de xuño ao 6 de setembro de 2025. Realizaranse 11 quendas de sete días de duración, que se desenvolverán entre os meses de xuño e setembro. A realización da última quenda queda condicionada á data de comezo co curso escolar 2025-2026 que no seu día publique a Xunta de Galicia. No caso de que este coincida cos últimos días do derradeira quenda, poderase reducir a duración da mesma.

8º.- O número total de prazas ofertadas para este programa é dun máximo de 1.540 distribuídas do seguinte xeito:

- 1.330 prazas serán adxudicadas polo procedemento xeral
- 210 prazas serán adxudicadas polo procedemento específico: serán de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social

Co fin de acadar a igualdade de oportunidades a Deputación de Pontevedra asumirá o 100%, do prezo da praza, para promover a inclusión social de nenos e nenas da provincia de Pontevedra en situación de risco e/ou exclusión social.

9º.- A Deputación subvenciona polo procedemento xeral (1.330 prazas), 230,00 € do custo por praza.

O importe do pagamento final que deberá efectuar a persoa interesada é o seguinte:

- 110 € por praza.
- 80 € por praza para menores de familias numerosas (desconto do 33,20 % sobre o prezo). Para que se lles aplique este desconto as persoas solicitantes deberán marcar no cadro correspondente do formulario de solicitude que teñen o título de familia numerosa e achegar o documento acreditativo (no caso de non presentalo non se aplicará este desconto).
- 80 € por praza para menores de familia monoparentais (desconto do 33,20 % sobre o prezo). Para que se lles aplique este desconto as persoas solicitantes deberán marcar no cadro correspondente do formulario de solicitude que teñen dita condición e achegar o documento acreditativo (no caso de non presentalo non se aplicará o desconto).

Estes prezos inclúen:

- Aloxamento e manutención.
- Todas as actividades do campamento, incluídas as que se fagan en inglés.
- Seguro.
- Excursións.



Polo procedemento específico, prazas de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social (210 prazas), a institución provincial subvencionará o 100 % do prezo da praza para promover a súa inclusión social.

10º.- Con data 8 de setembro de 2023, o deputado delegado de Xuventude e Reto Demográfico dispón o inicio da tramitación do expediente, para a aprobación das bases reguladoras deste programa

11º.- O orzamento consignado no do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico para gastos directos do programa “Campamentos A Lanzada” 2025 , é o seguinte:

- 25/233.3370.227.20 - Restauración : 170.500,00 € (prórroga)
- 25/233.3370.227.20 - Traballos realizados por outras empresas: 295.613,54 € (prezo de licitación)

Ademais existirán outros gastos indirectos de mantemento das instalacións.

A tramitación de ambos expedientes como anticipado de gastos, no primeiro suposto como prórroga do contrato en vigor, estará supeditada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento 2025.

Respecto ao Anexo 1, os datos do censo son provisionais xa que haberá que ter en conta para a distribución de prazas por concellos o censo publicado polo INE a 1 de xaneiro de 2025, polo que éste Anexo podería verse modificado.

12º.- Con data 11 de novembro de 2024, Intervención emite informe favorable (CSV: 4A6AQ0UGJIDJOEN2) sobre a tramitación do expediente para a aprobación das bases, deixando constancia de que as aplicacións orzamentarias propostas nas bases 25/231.3370.221.05 e 25/231.3370.227.20, considéranse correctas, non obstante, a aprobación das mesmas debe quedar condicionada á aprobación definitiva do orzamento para 2025 por tratarse dunha tramitación anticipada.

O órgano competente para aprobación das bases reguladoras do programa “CAMPAMENTOS A LANZADA” 2025, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do vixente orzamento.

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras do Programa “*CAMPAMENTOS A LANZADA*” para o ano 2025
Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente no expediente co (CSV): 96SFWODI95VOLQKL

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>



4.34386.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN A RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO PARA LEVAR A CABO A ACTUACIÓN “IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUNHA PLATAFORMA MUSEOGRÁFICA VIRTUAL PARA A POSTA EN VALOR COMO RECURSO TURÍSTICO DA RAPA DAS BESTAS, RECOLLIDO NO PROXECTO PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DEZA- TABELRÓS-TERRA DE MONTES. OS CAMIÑOS POR DENTRO”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU (Expte.2023044734)

ANTECEDENTES

No expediente consta, basicamente, de:

- O borrador do texto do convenio proposto para a súa aprobación, así como a súa remisión á asociación
- Memoria xustificativa, de data 14 de novembro de 2024 e con (CSV):GCB1EGSIYKXOS17C.
- Un informe do servizo incoando o expediente de data 2 de novembro de 2024 e co (CSV):MDO8CMO89ULJ1QUI

FUNDAMENTOS:

1. Lexislación aplicable

A regulación dos convenios administrativos contéplase nos arts. 47 e ss. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, básicos segundo o seu DF décimo cuarta. Segundo o seu art. 48.7, cando o convenio se instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS en diante) e a súa normativa autonómica que resulte aplicable.

Estarán, en materia de subvencións, principalmente ás seguintes normas:

- A citada LGS, en canto aos seus preceptos que, segundo o seu DF 1ª en relación co seu art. 3.1, son básicos.
- O regulamento no seu desenvolvemento (aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo), en diante RGS, tamén nos seus preceptos que sexan básicos segundo o seu DF 1ª.
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, aplicable ás EELL segundo os seus arts. 1 e 3 c) (en diante LSG). Moitos dos seus contidos son de aplicación directa e preferente, partindo da limitación dos preceptos básicos segundo a anterior lexislación.
- Non se ten noticia, por outra banda, da aprobación da adaptación regulamentaria que atenda ás específicas condicións de organización e funcionamento das EELL que a exposición de motivos (apartado I) da LGS apunta.



- Non resulta de aplicación a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada por acordo plenario do 28.10.2016 (BOPPO do 30.12.2016, OGS en diante), segundo expresa exclusión do seu art. 3.2 d).
- Ademais, de acordo con o art. 6 da LGS, estando financiado con cargo a fondos da Unión Europea rexerense polas normas comunitarias aplicables e as normas nacionais de desenvolvemento ou transposición daquelas.
- Así mesmo, tratándose dun proxecto cofinanciado polo Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia atenderase á seguinte normativa:
 - Real Decreto 1073/2021, do 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
 - Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
 - Real Decreto 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
 - Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
 - Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
 - Orde HFP/55/2023 do 24 de xaneiro relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
 - Regulamento (UE) 2020/2094 del Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.
 - Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Procedería, pois, a análises da concorrencia dos requisitos establecidos pola normativa referida.

2. Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica co que actúa cada unha das partes



Segundo a súa cláusula primeira o convenio ten por obxecto articular as bases de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo para levar a cabo a execución das actuacións, detalladas no Anexo I, dentro da Actuación 8: “Museografía dixital de Rápaa de As Bestas” no marco do Eixo 1: Transición verde do PSTD Deza e Tabeirós – Terra de Montes ratificado no Real Decreto 1073/2021, do 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Así, a Deputación de Pontevedra é a entidade beneficiaria dos fondos quen executará as actuacións contempladas no proxecto e asume, así mesmo, as condicións e obrigacións establecidas na citada Orde, sendo o ámbito de actuación os municipios e colectivos dos devanditos municipios que participaron no proceso participativo de redacción do Plan de sustentabilidade turística, circunscritos neste caso ás comarcas do Deza e Tabeiros Terra de Montes.

Por outra banda, segundo o art. 48.8 da Lei 40/2015 os convenios perfecciónanse co consentimento das partes. Enténdese, polo principio de congruencia, que as competencias para prestar tal consentimento recaerán no órgano provincial que detente a competencia para asumir as obrigacións ou compromisos que se deriven da forma do convenio.

O obxecto do convenio sempre foi encadrado dentro dos labores de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, #de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Polo que a instrumentalización do convenio no documento administrativo entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación de Rápaa das Bestas implica a súa firma por persoa con capacidade legal de representación. No caso da Deputación de Pontevedra, tal recae na Presidencia entendendo que a competencia para a aprobación do convenio correspóndelle á Xunta de Goberno. No caso da Asociación polo seu respectivo órgano competente.

3. A competencia na que se fundamenta a actuación desta Administración

Entre as competencias destacadas das Deputacións atópase a de dar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, especialmente á de menos capacidade económica e de xestión (art. 36.1 b) da Lei 7/1985); a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (art. 36.1 d); e demais preceptos concordantes da Lei 5/1997 de Galicia.

Atendendo ao obxecto do convenio enténdese que a Deputación de Pontevedra ten atribuída a competencia xa que art. 36.1.d) da Lei 7/1985, atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.



4. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

O art. 7.3 dá Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, sinala que: “As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten a gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

A aprobación do presente Convenio supón asumir uns compromisos económicos por importe de 219.189,79€. O Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, achega o 100% do orzamento financiable da implantación da plataforma. A deputación de Pontevedra asume o mantemento de soporte da mesma durante tres anos e os seguintes serán por conta da Asociación Rapa das Bestas.

Por parte da Deputación de Pontevedra foi aprobado polo Pleno na súa sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2022 tanto a aceptación da subvención como a asunción de compromisos, xerando o crédito correspondente. Polo que para o seu financiamento existe consignación dispoñible por parte da Deputación de Pontevedra nas aplicacións correspondentes ao código de proxecto “92210002 DEZA TABEIRÓS, VOS CAMIÑOS POR DENTRO 2022-24 (P Panca V_ Compoñente 14) NEXT GENERATION UE - M.I.COMERCIO E TURISMO.

Contidos

Prevense, salvo omisión involuntaria, os extremos que contemplan o art. 49 da Lei 40/2015 e a LSG, aínda que:

- O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada parte para o seu cumprimento recóllense nas cláusulas primeira e segunda.
- As obrigacións e compromisos de cada unha das partes recóllense na cláusula cuarta.
- O prazo de duración do convenio, adáptase aos límites máximos do art. 49 h) da Lei 40/2015, facendo referencia á posibilidade de prórroga.
- No convenio consta previsión da aplicación orzamentaria.
- Consta na cláusula quinta a compatibilidade da presente subvención con calquera outra subvención ou axuda pública ou privada para mesma finalidade. Neste sentido, e dada a posibilidade doutras achegas polas Administracións Públicas pode supoñer un exceso de financiamento, extremo que deberá comprobarse na fase de xustificación da subvención. Así mesmo, este extremo tamén se recolle na cláusula cuarta ao tratarse dun proxecto financiado pola Unión Europea.
- Os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio recóllense na cláusula oitava.



- Contémplase mención expresa ao réxime de protección de datos na cláusula sétima, aspecto a vixiar tendo en conta os datos persoais que poidan derivarse das actividades financiadas.

5. Publicidade; remisión e rexistro

O art. 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno establece a obrigatoriedade de dar publicidade aos actos de xestión administrativa con repercusión económica e orzamentaria tales como son os convenios subscritos.

Dada a contía do convenio non é precisa a súa remisión ao Tribunal de Contas ex art. 53 da Lei 40/2015. Con todo, ha de estarse ao cumprimento dos requisitos esixidos nas bases e convocatoria pola que foi concedida a subvención, así como ás condicións e obrigacións asumidas.

Finalmente, procedería a inscrición do convenio no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios que ha de existir segundo a D. Ad. 6ª da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, aplicable ás EELL segundo os seus art. 1 e 3 c). Devandito rexistro deberá conter os datos mínimos que tal disposición prevé, con respecto á normativa de protección de datos de carácter persoal, e sendo complementario ás obrigacións de publicidade impostas por outras normas. É de lembrar que a súa levanza e custodia é competencia da Secretaría Xeral, ex art. K) do RD 128/2008, do 16 de marzo.

CONCLUSIÓN

O convenio contempla as previsións da LGS e demais normativa de aplicación ao estar a financiar polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo con fondos da Unión Europea – NextGenerationEU- e o art. 49 da Lei 40/2015, considerando que estamos ante unha actuación da Deputación como entidade beneficiaria dunha subvención, informándose favorablemente.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

“O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN A RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO PARA LEVAR A CABO A ACTUACIÓN “IMPLANTACIÓN E MANTENIMIENTO DUNHA PLATAFORMA MUSEOGRÁFICA VIRTUAL PARA A PUESTA EN VALOR COMO RECURSO TURÍSTICO DA RAPA DAS BESTAS, RECOLLIDO NO PROXECTO PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DEZA- TABELIRÓS- TERRA DE MONTES. OS CAMIÑOS POR DENTRO”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.” que figura co CSV GFVFRZGD7ZKEURMY



5.34387.- APROBACIÓN E XERACIÓN DE CRÉDITO DO PROXECTO “PLAYAS SIN LIMITE” PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O PROGRAMA “EXPERIENCIAS TURISMO ESPAÑA” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (Expte.2023058942)

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Tras a declaración pola Organización Mundial da Saúde da pandemia internacional provocada pola COVID-19 o 11 de marzo de 2020, os países da Unión Europea (UE) adoptaron unha serie de medidas coordinadas de emerxencia para protexer a saúde da cidadanía e evitar o colapso da economía. Estas medidas tiveron un drástico impacto económico e social no conxunto dos países da UE, influíndo directamente na actividade comercial das súas vilas e cidades. O Consello Europeo do 21 de xullo de 2020, consciente da profunda crise causada polo coronavirus, aprobou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como Next Generation EU dotado con 750.000 millóns de euros. Este fondo de recuperación garante unha resposta coordinada cos Estados membros da UE para facer fronte ás consecuencias económicas e sociais da pandemia.

SEGUNDO. O núcleo do fondo de recuperación constitúe o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021. A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, ao mesmo tempo que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise da COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.

TERCEIRO. Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que inclúe as reformas e investimentos necesarios para cumprir cos obxectivos do citado plan.

No caso de España, a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, dálle publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que define as estratexias que se seguirán no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación. As medidas que recolle o plan cumpren cos seis piares establecidos polo Regulamento da UE e articúlanse arredor de catro eixes transversais: transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero. Os catro eixes vertébranse nas 10 políticas panca ou tractoras que van incidir directamente naqueles sectores produtivos con maior capacidade de transformación do tecido económico e social, dentro das cales se recollen 30 compoñentes, que permiten articular os programas coherentes de investimentos e reformas do plan. Na política panca V “Modernización e dixitalización do tecido industrial e da peme, recuperación do turismo e impulso a unha España nación emprendedora” encádrase o compoñente 14 “Plan de Modernización e competitividade do sector turístico”; en cuxo investimento 4 “Actuacións especiais no



ámbito da competitividade” e proxecto 1 “Desenvolvemento de produto turístico e modernización do ecosistema turístico” se convoca o programa “Experiencias Turismo España”.

CUARTO. Estes investimentos canalízanse a través de distintos instrumentos coma as convocatorias que, respectando o marco competencial, se levarán a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas. Neste marco, a Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, traballa en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto 2568/86, de 18 de novembro, en relación ás atribucións da Presidencia da Deputación Provincial.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Bases do orzamento da Deputación de Pontevedra.
- E demais lexislación concordante de aplicación.

Así mesmo, tratándose dun proxecto cofinanciado polo Plan de recuperación transformación e resiliencia, atenderase á seguinte normativa:

- Orde ICT/1244/2022, de 13 de decembro (BOE do 17/12/2022), pola que se modifica a Orde ICT/1524/2021, de 30 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o programa “Experiencias Turismo España” e se aproba a súa convocatoria para o exercicio 2021 no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde ICT/293/2022, de 31 de marzo (BOE do 08/04/2022), pola que se modifica a Orde ICT/1524/2021, de 30 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o programa “Experiencias Turismo España” e se aproba a súa convocatoria para o exercicio 2021, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.



- Orde ICT/182/2022, de 10 de marzo (BOE do 15/03/2022), pola que se modifica a Orde ICT/1524/2021, de 30 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o programa “Experiencias Turismo España” e se aproba a súa convocatoria para o exercicio 2021, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde ICT/1524/2021, de 30 de decembro (BOE do 11/01/2022), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o programa “Experiencias Turismo España” e se aproba a súa convocatoria para o exercicio 2021, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que proporcionarán as entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRO. A repartición competencial en materia de turismo do noso país permitiu o enriquecemento da oferta, un profundo coñecemento da problemática de cada territorio e unha práctica democrática máis próxima e profunda. Pero tamén é necesario mellorar no intercambio de aprendizaxes ou no aproveitamento a escala de país para poder coordinar perspectivas e visións coas que traballar en problemáticas conxuntas, tal e como se sinala no Programa de apoio á creación e desenvolvemento de produtos turísticos.

SEGUNDO. O 2 de agosto de 2023 publicouse o extracto da Orde de 26 de xullo de 2023, pola que se efectúa a convocatoria correspondente ao ano 2023 do programa “Experiencias Turismo España”, segundo a Orde ICT/1524/2021, de 30 de decembro (BOE do 10/01/2022), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o programa “Experiencias Turismo España” e se aproba a súa convocatoria para o exercicio 2021, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, modificada pola Orde ICT/182/2022, de 10 de marzo (BOE do 15/03/2022), pola Orde ICT/293/2022, de 31 de marzo (BOE do 8/04/2022), e pola Orde ICT/1244/2022, de 13 de decembro (BOE do 17/12/2022).



En consecuencia, Turismo y Planificación Costa del Sol, S. L. U., conxuntamente coa entidade Promoción Exterior de Lanzarote, S.A. a Empresa Municipal Almería Turística, S. A., a Empresa Municipal de Turismo de Santander, M. P. S. A., e a Deputación Provincial de Pontevedra presentan o proxecto “Playas sin límites” á convocatoria do programa “Experiencias Turismo España” e constitúen entre todas as entidades un acordo de colaboración para agrupación de entidades sen personalidade xurídica.

O mencionado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo global: traballar conxuntamente para aumentar e mellorar as experiencias turísticas no segmento de sol e praia, que poñan en valor o patrimonio material e inmaterial relacionado coa autenticidade dos territorios e das súas poboacións para a súa promoción internacional e axude á desestacionalización das chegadas turísticas.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: de acordo co previsto no artigo 21.3 das bases da convocatoria, na redacción dada a este pola Orde ICT/1244/2022, de 13 de decembro, todos os proxectos deberán estar executados como máximo antes do 30 de setembro de 2025.

Ámbito de actuación do proxecto: no caso de Deputación de Pontevedra, o ámbito é provincial, con alcance dalgunhas actuacións de ámbito nacional que contribúan á promoción e coñecemento do noso destino.

Actuacións:

Entidade	Orzamento financiable	Subvención aprobada
Turismo y Planificación Costa del Sol, S. L. U.	160.477,98 €	133.196,72 €
Promoción Exterior de Lanzarote, S. A.	110.704,09 €	91.884,39 €
Deputación de Pontevedra	148.372,03 €	123.148,78 €
Empresa Municipal Almería Turística, S. A.	139.012,69 €	115.380,53 €
Empresa Municipal de Turismo de Santander, M. P. S. A.	144.307,01 €	119.774,82 €
Total	702.873,80 €	583.385,24 €



Financiamento: 82,99 % o Ministerio e 17,00 % os beneficiarios. Distribuíndose a subvención total aprobada da seguinte maneira: nun 22,83 % para Costa del Sol, nun 15,75% para Lanzarote, nun 21,10 % para Pontevedra, nun 19,78 % para Almería e nun 20,5 % para Santander.

Orzamento financiable: 702.873,80 €

Subvención aprobada: 583.385,24 €

TERCEIRO. O 21 de marzo de 2023, a Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Sustentabilidade Turística do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a proposta de resolución provisional de concesión de axudas para o programa “Experiencias Turismo España 2023”, na que se propón a axuda solicitada á convocatoria a Turismo y Planificación Costa del Sol, S. L. U., como representante da agrupación, e se inicia o trámite de alegacións por un prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da notificación.

CUARTO. O 4 de xuño de 2024, a Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Sustentabilidade Turística do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a proposta de resolución definitiva de concesión da axuda solicitada a Turismo y Planificación Costa del Sol, S. L. U., cun orzamento financiable por un importe de 702.873,80,00 € e 583.385,24 € de subvención proposta. O 9 de outubro de 2024 ratifica a comunicación coa resolución definitiva.

Na devandita resolución consta un anexo no que se mostra a distribución do orzamento do proxecto, así como a distribución do orzamento solicitado por cada unha das entidades, que para a Deputación de Pontevedra é o seguinte:

PRESUPUESTO SOLICITADO	PRESUPUESTO FINANCIABLE	SUBVENCIÓN PROPUESTA
Gastos de personal directamente relacionado con la puesta en marcha del proyecto	40.278,96 €	33.431,54 €
Gastos relacionados con la creación de redes de actores		
Gastos de viajes y manutención	1.553,31 €	1.289,25 €
Gastos de asistencias externa, elaboración de protocolos o informes previos	35.213,45 €	29.227,16 €
Gastos soluciones tecnológicas y de transformación digital	44.735,20 €	37.130,21 €
Gastos e inversiones en obras de rehabilitación y mejora	16.198,76 €	13.444,97 €
Gastos de formación y sensibilización	9.208,88 €	7.643,37 €
Gastos relacionados con comunicación	1.183,47 €	982,28 €
Gastos de material fungible		
Gasto derivado de la revisión de cuenta justificativa por el auditor		
TOTAL ACTUACIONES	148.372,03 €	123.148,78 €

Distribución da achega	Orzamento
Achega do Ministerio	123.148,78
Achega da Deputación de Pontevedra	25.223,25
TOTAL	148.372,03



QUINTO. No punto segundo da citada proposta de resolución definitiva de concesión establécese que o apoio financeiro queda suxeito, entre outros, ás seguintes condicións xerais:

“a) *Realización de investimentos e gastos. Os investimentos e gastos financiados previstos deberán realizarse no prazo indicado no apartado décimo terceiro da Orde da Secretaría de Estado de Turismo, de 26 de xullo de 2023, pola que se efectúa a convocatoria correspondente ao ano 2023 do programa “Experiencias Turismo España”. (...)*

e) *Incumprimentos. Segundo o artigo 24 da Orde ICT/1524/2021, de 30 de decembro, modificada pola Orde ICT/293/2022, de 31 de marzo, o incumprimento dos requisitos establecidos nesta orde e nas demais normas aplicables, así como das condicións que, no seu caso, se estableceron na correspondente resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver a axuda percibida mais os intereses de demora correspondentes, no momento de detectarse o incumprimento, conforme ao disposto no artigo 38 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.*

*Serán causa de reintegro total ou parcial, as previstas no artigo 37.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro. Así mesmo, o incumprimento das condicións asociadas ao principio “non causar un prexuízo significativo” por parte das entidades beneficiarias da axuda tamén supoñerá o reintegro das contías percibidas. En ambos os casos, procederá a devolución da cantidade a reintegrar, mais os intereses de demora, desde o momento do pagamento do apoio financeiro ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.
(...)*

De acordo co establecido no artigo 7 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, e no artigo 37 do Real decreto lei 36/2020, de 30 de decembro, en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos, as entidades beneficiarias deberán reintegrar os fondos recibidos ao Tesouro Público de maneira total ou parcial, en cada caso. O procedemento de reintegro deberá axustarse ao contido na Lei 38/2003, de 17 de novembro.

f) *Pagamento. De acordo co artigo 20 da Orde ICT/1524/2021, de 30 de decembro, modificada pola Orde ICT/293/2022, de 31 de marzo, 1) O pagamento da subvención realizarase con carácter anticipado, limitado por anualidades orzamentarias, polo 100 por 100 da axuda concedida salvo que a convocatoria, por motivos fundados, non prevexa estas limitacións por anualidades orzamentarias e tramitarase de oficio polo órgano instrutor, tras a notificación da concesión da subvención (...).*”

SEXTO. Tendo en conta o sinalado, procede a aprobación do proxecto e a xeración do crédito necesario.

SÉTIMO. O prazo de execución do proxecto esténdese, segundo a convocatoria, ata o 30 de setembro de 2025. Atendendo os fitos e obxectivos marcados na convocatoria e na memoria do proxecto presentada, o proxecto debe executarse con celeridade.



OTTAVO. Tendo en conta o sinalado ao respecto das condicións económicas do proxecto “Playas sin límite” sinaladas no punto cuarto das fundamentacións xurídicas e tratamento técnico deste informe, así como o sinalado en xeral no Título IV, Capítulo I, do Real decreto 36/2020, de 30 de decembro, referido ás especialidades en materia de xestión e control orzamentario, e, en concreto, no artigo 42, referido ás incorporacións de crédito, aínda que de carácter non básico, así como o sinalado canto á distribución da achega entre o Ministerio e a Deputación e outros participantes sinalado no anexo I da resolución, dáse conta dos tipos de gasto que inclúe o proxecto e dos importes atendendo á apertura das correspondentes aplicacións orzamentarias, sinalando no cadro unha proposta do servizo para considerar polo Servizo de Intervención quen mellor proverá.

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	APLICACIÓN PRESUPUESTARIA	2024	2025
Gastos de personal directamente relacionado con la puesta en marcha del proyecto	120.01/02 Sueldos Grupo A1 y sueldos grupo A2	13.426,32 €	26.852,64 €
	230.20 (Ayudas de coste)	280,00 €	300,00 €
Gastos de viajes y manutención	231.20 (Locomoción)	547,56 €	425,75 €
Gastos de asistencias externa, elaboración de protocolos o informes previos	227.99 Otros trabajos realizados por otras empresas		35.213,45 €
Gastos soluciones tecnológicas y de transformación digital	641.00 Gastos en aplicaciones informaticas		44.735,20 €
Gastos e inversiones en obras de rehabilitación y mejora	652.00 Gastos en inversiones gestionados por otros entes públicos		16.198,76 €
Gastos de formación y sensibilización	227.99 Otros trabajos realizados por otras empresas		9.208,88 €
Gastos relacionados con comunicación	226.02 Publicidad y Propaganda		1.183,47 €
TOTAL ACTUACIONES		14.253,88 €	134.118,15 €

Segundo o especificado no punto cuarto das fundamentacións xurídicas e tratamento técnico, é necesario realizar as operacións oportunas para lle facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra, polo que se deben recoller estes aspectos tamén orzamentariamente.

Por todo o exposto, con base nos antecedentes de feito, a normativa aplicable e os fundamentos xurídicos e tratamento técnico, e visto o informe de Intervención do 31 de outubro de 2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto denominado “Playas sin límite”, cofinanciado polo Ministerio de Industria e Turismo e que posúe as características establecidas.
2. Aprobar a distribución do gasto cos importes que correspondan a esta Deputación Provincial dentro do total do proxecto.
3. Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gasto”, tal e como se establece na base 27.^a de execución do Orzamento provincial para os exercicios 2024 e 2025, garantindo a existencia dunha contabilidade separada.



6.34388.- APROBACIÓN E XERACIÓN DE CRÉDITO DO PROXECTO “MELLORA PATRIMONIAL DEL CASTELO DE SOUTOMAIOR A TRAVÉS DA ILUMINACIÓN, A ACCESIBILIDADE E TECNOLOXÍA DE REALIDADE VIRTUAL” PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O PROGRAMA “MELLORA DA COMPETITIVIDADE E DE DINAMIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO CON USO TURÍSTICO” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (Expte.2023029628)

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. – Tras a declaración pola Organización Mundial da Saúde da pandemia internacional provocada pola COVID-19 o 11 de marzo de 2020, os países da Unión Europea adoptaron unha serie de medidas coordinadas de emerxencia para protexer a saúde da cidadanía e evitar o colapso da economía. Estas medidas tiveron un drástico impacto económico e social no conxunto dos países da Unión Europea, influíndo directamente na actividade comercial dos seus pobos e cidades. O Consello Europeo do 21 de xullo de 2020, consciente da profunda crise causada polo coronavirus aprobou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como Next Generation EU dotado con 750.000 millóns de euros. O Fondo de Recuperación garante unha resposta coordinada cos Estados membros da UE para facer fronte a consecuencias económicas e sociais da pandemia.

SEGUNDO. - O núcleo do Fondo de Recuperación constitúe o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento da (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise do COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.

TERCEIRO. - Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e inversións necesarias para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

No caso de España a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económico e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que define as estratexias para seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación. As medidas que recolle o plan cumpren cos seis piares establecidos polo Regulamento da UE, e artículanse ao redor de catro eixos transversais: transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero. Os catro eixos vertébranse nas 10 políticas panca ou tractoras que van incidir directamente naqueles sectores produtivos con maior capacidade de transformación do tecido económico e social, dentro das cales se recollen 30 compoñentes, que permiten articular os programas coherentes de investimentos e reformas do Plan. Na política panca V “Modernización e dixitalización do tecido industrial e da Peme, recuperación do turismo e



impulso a unha España nación emprendedora” encádrase o compoñente 14 “Plan de Modernización e competitividade do sector turístico”. no investimento 4, «Actuacións especiais no ámbito da competitividade, e no proxecto 3, que ten por obxecto financiar a rehabilitación de bens de interese cultural de titularidade pública con uso turístico.

CUARTO. -Ditas inversións canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levaranse a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas. Neste marco, a Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, veu traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro de seu ámbito competencial.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases del Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 18 de novembro, en relación ás atribucións da Presidencia da Deputación Provincial.
- R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS) e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba la estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Bases do orzamento da Deputación de Pontevedra.
- E demais lexislación concordante de aplicación.

Así mesmo, tratándose dun proxecto cofinanciado polo Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia atenderase á seguinte normativa:

- Orde ICT/1363/2022, de 22 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio Histórico con uso turístico e se procede a súa convocatoria correspondente ao exercicio 2022, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.



- Real Decreto 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, polo que se configura o sistema de Xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación trala crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMIENTO TÉCNICO

PRIMEIRO. A riqueza do patrimonio cultural do noso país está recoñecida a nivel internacional nos 49 bens declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, o que converte ao noso país no terceiro país con máis declaracións en Europa e o cuarto a nivel mundial.

Adicionalmente, o patrimonio cultural de España ten reflexo nos máis de 30.400 bens que contan co máximo nivel de protección, segundo a lexislación de patrimonio histórico, ao ser declarados bens de interese cultural (BIC).

Desde a perspectiva do turismo, débese destacar o enorme protagonismo que, desde as súas orixes, ten o patrimonio histórico como efecto de atracción de visitantes aos destinos. Por iso é esencial potenciar e mellorar a competitividade de España con este produto turístico cultural que representa a identidade, a diversidade cultural e o rico patrimonio histórico do noso país.

SEGUNDO. - O 12 de abril de 2023 publicouse o Extracto da Orde do 22 de decembro de 2023, pola que se efectúa a convocatoria correspondente á Orde ICT/1363/2024, do 22 de decembro (BOE 09/01/2023), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio Histórico con uso turístico e apróbase a súa convocatoria para o exercicio 2022, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia,

En consecuencia, a Deputación Provincial de Pontevedra a través do Servizo de Turismo presenta o proxecto de mellora patrimonial do Castelo de Soutomaior a través da iluminación, a accesibilidade e tecnoloxía de realidade virtual á convocatoria do Programa de Mellora da competitividade e de dinamización do Patrimonio Histórico con uso turístico.



O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo global: traballar conxuntamente para aumentar a mellora patrimonial do Castelo de Soutomaior a través da iluminación, a accesibilidade e tecnoloxía de realidade virtual” presentado á convocatoria de axudas para o programa “Mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio histórico con uso turístico” no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: De acordo con o previsto no artigo 42 das bases da convocatoria na redacción dada ao mesmo pola Orde ICT/1363/2023, do 22 de decembro, todos os proxectos deberán estar executados como máximo antes do 31 de marzo de 2026.

Ámbito de actuación do proxecto: No caso de Deputación de Pontevedra, o ámbito é provincial.

Actuacións:

ORZAMENTO SOLICITADO	ORZAMENTO FINANCIABLE	SUBVENCIÓN PROPOSTA
Obras escaleira Torre Homenaxe	363.000,00 €	363.000,00 €
Visitas Virtuais	145.200,00 €	145.200,00 €
Proxecto de Iluminación	2.005.922,00 €	2.005.922,00 €
TOTAL ACTUACIÓNS	2.514.122,00 €	2.514.122,00 €

TERCEIRO. - O 5 de xullo de 2024 a Secretaría de Estado de Turismo Ministerio de Industria e Turismo, notificou a proposta de resolución provisional de concesión de axudas para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio histórico con uso turístico, na que se propón a axuda solicitada á convocatoria á Deputación de Pontevedra e iníciase de trámite de alegacións por un prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación.

CUARTO. - O punto primeiro de dita proposta de resolución provisional de concesión establece que o apoio financeiro proposto queda suxeito ás condicións establecidas na Orde ICT/1363/2022, do 22 de decembro, así como ás seguintes condicións xerais:

“a) Realización de investimentos e gastos. – Os gastos financiados previstos deberán realizarse no prazo comprendido entre o 13 de abril de 2023 e o 31 de marzo de 2026.

e) Incumprimentos.- Se o custo efectivo final do investimento resulta inferior ao orzamento financiable, xa sexa porque o manifeste o beneficiario, ou así se considere polo órgano competente ao examinar a documentación xustificativa, reintegrarase parcialmente o apoio financeiro na cantidade proporcional á parte non efectuada, sempre que a xuízo do devandito órgano cumpríronse basicamente os obxectivos polos que se concedeu a axuda, pois en caso contrario, procederá o reintegro total en aplicación do artigo 37.1b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións. En ambos os casos, procederá a devolución da cantidade para reintegrar, máis os intereses de demora, desde o momento do pago do apoio financeiro ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.



Segundo o artigo 28 da Orde ICT/1363/2022, o incumprimento dos requisitos establecidos nesta orde e nas demais normas aplicables, así como das condicións que, no seu caso, establecéronse na correspondente resolución de concesión, dará lugar á obrigaón de devolver os importes percibidos máis os intereses de demora correspondentes, no momento de detectarse o incumprimento, conforme ao disposto no título II, capítulo I da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no título III do seu Regulamento.

(...)

f) Pago.- Conforme ao artigo 61.3 da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os beneficiarios deberán acreditar que se atopan ao corrente do pago das obrigaóns de reembolso de calquera outros préstamos ou anticipos concedidos anteriormente con cargo aos créditos especificamente consignados para a xestión de fondos europeos nos Orzamentos Xerais do Estado. Corresponde ao órgano que se determine segundo o establecido no Real Decreto 409/2024, do 23 de abril, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria e Turismo comprobar o cumprimento de tales condicións con anterioridade ao pago, esixindo para ese efecto, cando non poida acreditarse doutro xeito, unha certificación da entidade beneficiaria

QUINTO. - De acordo con o establecido no artigo 42 da Orde 1363/2023 referido ao período de realización dos proxectos e actuacións subvencionables antes do 31 de marzo de 2026, procede acelerar tramites á espera da resolución definitiva e aprobar o proxecto e xerar o crédito necesario, aínda estando pendente a notificación da resolución de concesión, para iniciar trámites de licitación previstos e poder executar nos prazos sinalados no artigo referido anteriormente.

O prazo de execución do proxecto esténdese segundo a convocatoria ata o 31 de marzo de 2026. Atendendo aos fitos e obxectivos marcados na convocatoria e na memoria do proxecto presentada, o proxecto debe executarse con celeridade.

SEXTO.- Tendo en conta o sinalado respecto diso das condicións económicas do “Proxecto de mellora patrimonial do Castelo de Soutomaior a través da iluminación, a accesibilidade e tecnoloxías de realidade virtual” sinaladas no punto cuarto das fundamentacións xurídicas e tratamento técnico deste informe, así como o sinalado en xeral no TÍTULO IV , Capítulo I, do Real Decreto 36/2020, do 30 de decembro, referido ás especialidades en materia de xestión e control orzamentario e, en concreto, no artigo 42 referido ás Incorporacións de crédito, aínda que de carácter non básico, así como o sinalado en canto á distribución da achega entre o ministerio e deputación, dáse conta dos tipos de gasto que inclúe o proxecto así como os importes atendendo á apertura das correspondentes aplicacións orzamentarias, tendo en conta o sinalado no informe de Intervención.



CONCEPTO SUBVENCIONABLE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	2025	2026	Totais por partida
Obras escaleira Torre Homenaxe	227.99 traballos realizados por outras empresas	25.000,00 €		25.000,00 €
	632.03 melloras edificios e outras construcións	100.000,00 €	238.000,00 €	338.000,00 €
Visitas Virtuais	640.00 activos intanxibles, campañas de promoción	145.200,00 €		145.200,00 €
Proxecto de Iluminación	631.01 inversións de reposicións - terreos	2.005.922,00 €		2.005.922,00 €
TOTAL ACTUACIÓNS		2.276.122,00 €	238.000,00 €	2.514.122,00 €

Por todo o exposto, en base aos antecedentes de feito, normativa aplicable e fundamentos xurídicos e tratamento técnico, e visto o informe de intervención de data 13 de novembro de 2024, con observacións á aprobación do proxecto condicionándose á tramitación e aprobación do expediente de xeración de crédito á recepción da notificación da resolución de concesión.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobado o proxecto denominado “*Proxecto de mellora patrimonial do Castelo de Soutomaior a través da iluminación, a accesibilidade e tecnoloxías de realidade virtual*” cofinanciado polo Ministerio de Industria, e Turismo e que posúe as características establecidas no presente informe condicionado á recepción da notificación da resolución de concesión.
2. Aprobado a distribución do gasto cos importes que correspondan dentro do total do proxecto.
3. Aprobado que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como establece a Base 27ª de execución do orzamento provincial para os exercicios 2025 e 2026, garantindo a existencia dunha contabilidade separada.

7.34389.- CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA BASEADO NA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS EVENTOS RELACIONADOS CO DEPORTE DURANTE O ANO 2024. (Expte.2024016132)

1. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 24 de maio de 2024 acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o fomento da actividade turística baseado na dinamización e promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2024.



As bases reguladoras das subvencións e o extracto foron publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 107 de 3 de xuño de 2024 e no portal da Base de Datos Nacional de Subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes era dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO.

O 18 de novembro de 2024 o órgano instrutor do procedemento emite informe ao respecto.

O 19 de novembro de 2024 Intervención emite informe favorable de fiscalización.

O 19 de novembro de 2024 a Comisión de Valoración, á vista dos antecedentes e de conformidade co informe do órgano instrutor efectúa a valoración das solicitudes admitidas, previa exclusión dos beneficiarios que non cumpren cos requisitos da convocatoria.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

No relativo ao réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2024

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Consta no expediente o informe do órgano instrutor do expediente sobre a valoración das solicitudes, informe favorable de Intervención sobre a mesma e informe da comisión de valoración.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a concesión das subvencións e desestimación das solicitudes é a Xunta de Goberno, conforme ao establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en concordancia coa base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2024.



III. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Estimar as seguintes solicitudes e conceder as subvencións por importe total de 58.605,86€, que deberán imputarse á aplicación 24/433.4320.489.01 co detalle que figura a continuación:

NIF	NOME ENTIDADE	ACTIVIDADE SUBVENCIÓN	ORZAMEN TO	IMPORTE SOLICITU DE	VALORACI ÓN	IMPORTE ASIGNA DO SUB.	% ORZAMEN TO
G36022572	CIRCULO CULTURAL DEPORTIVO SANXENXO	XVI TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS CADETE	29.450,00 €	7.360,00 €	85	7.360,00 €	24,99%
G70923586	CLUB SERENDIPIA	I TORNEO INTERNAICO SRENDIPIA FUTSAL	6.110,50 €	2.500,00 €	49	1.527,63 €	25,00%
G06911556	ASOC. CULTURAL REGO DE CAMPOSANCO	I TRAIL CAMPOSANCO S O SOLPOR	3.582,54 €	895,64 €	35	895,64 €	25,00%
G94064615	SARES-TKD CANGAS	CAMPEONAT O GALLEGO PRMESAS Y MÁSTER	1.800,00 €	1.500,00 €	50	450,00 €	25,00%
G36623346	MONTE REAL CLUB YATES DE BAIONA	49º TROFEO CONDE DE GONDOMAR	33.547,84 €	8.386,96 €	70	8.386,96 €	25,00%
G13821590	ASOC. ASALTAMONT ES FEMALE	II TRAIL FEM. DE NIGRAN: FUERZA Y RESILENCIA	20.872,50 €	5.218,13 €	36	5.218,13 €	25,00%
G36612752	REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	61ª REGATA RÍAS BAIXAS	48.180,00 €	9.000,00 €	40	9.000,00 €	18,68%



G27817444	ASOC. SOCIOCULTURAL Y DEPOR. SINERGIAS 360	DESAFIO BOOT CAMP 2024	36.177,00 €	9.000,00 €	75	9.000,00 €	24,88%
G27868926	ASOC. SOCIOCULTURAL Y DEPOR. LA 21	MEDIA MARATON DE VIGO LA21 2024	36.349,00 €	9.000,00 €	85	9.000,00 €	24,76%
G36029908	C. KAYAK TUDENSE	13 DESCENSO POPULAR DO MIÑO	6.706,00 €	1.675,00 €	30	1.675,00 €	24,98%
G28908572	ASOC.ESPAÑOLA SENIORS GOLF	TORNEO NACIONAL DE GOLF	9.000,00 €	9.000,00 €	64	2.250,00 €	25,00%
G36311363	CLUB NATACIÓN PONTEAREAS	VIII TRAVESÍA VILA DO TEA	15.370,00 €	4.337,00 €	55	3.842,50 €	25,00%

2. Desestimar ou ter por desistidas as seguintes solicitudes:

EXPEDIENENTE	NIF	NOME ENTIDADE	ACTIVIDADE SUBVENCIÓN	PUNTUACIÓN	MOTIVO EXCLUSIÓN
2024041514	G36040764	FEDERACIÓN GALLEGA DE PIRAGÜISMO PONTEVEDRA	1ª COPA ESPAÑA DE SPRINT OLIMPICO	Sen valorar	Non se atopa ao corrente das obrigas coa AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria)
2024042354	G36680239	TRAVIESAS HOCKEY CLUB	CIRCUITO 3X3 RÍAS BIAIXAS-HOCKEY PATINES	Sen valorar	Actividade subvencionada, no mesmo exercicio, a través doutra convocatoria de subvencións da Deputación de Pontevedra
2024044481	G36457901	CORNELIOS	RAID DO CONDADO MARQUÉS DE VIZHOJA-CORNELIOS	Sen valorar	Actividade subvencionada, no mesmo exercicio, a través doutra convocatoria de subvencións da Deputación de Pontevedra
2024045656	G27773928	CLUB DEPORTIVO OLD SCHOOL BOXING	BOXEO	20	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 29/11/2024 12:13

2024045768	G36459741	ASOC. DE BOXEO DE PONTEVEDRA	CMPEONATO COPA DIPUTACIÓN TATAMI SPORT 2024	Sen valorar	Documentación incompleta: non emendar a documentación
2024047268	G27808575	ESTIBADORES FUTBOL GAELICO VIGO	EUROPEAN FEILE 2024	Sen valorar	Actividade subvencionada, no mesmo exercicio, a través doutra convocatoria de subvencións da Deputación de Pontevedra
2024046750	G36186542	CLUB DEPORTIVO RIBADUMIA	IV COPA RIBADUMIA CLAE VIAJES. TORENO SUB 10 Y SUB 14 INTERNACIONAL	Sen valorar	Actividade subvencionada, no mesmo exercicio, a través doutra convocatoria de subvencións da Deputación de Pontevedra
2024047269	G36637890	CLUB MONTAÑEIRO CELTAS	MULTIACTIVIDADE NO GROVE	20	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
2024047271	G36981140	BAINA FUTBOL SALA	TORNEO E CLINIC DE ADESTRADORES DE NADAL	Sen valorar	Documentación incompleta: Non emendar a documentación
2024041517	G36040764	FEDERACION GALLEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA	COPA ESPAÑA DE KAYAK DE MAR	Sen valorar	Desiste da solicitude, renuncia a continuar coa tramitación
2024041520	G36040764	FEDERACION GALLEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA	COPA ESPAÑA SPRINT CADETE	Sen valorar	Desiste da solicitude, renuncia a continuar coa tramitación
2024041523	G36040764	FEDERACION GALLEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA	4 TORNEOS NACIONALES DE KAYAK POLO	Sen valorar	Desiste da solicitude, renuncia a continuar coa tramitación

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 29/11/2024 11:46



8.34390.- CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2024 (Expte.2024030932)

1.- ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 19 de xullo de 2024, acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrencia competitiva para Actividades de Carácter Turístico durante o ano 2024.

As bases reguladoras das subvencións e o extracto foron publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 144 de 24 de xullo de 2024 e no portal da Base de Datos Nacional de Subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes era dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO.

O 15 de novembro de 2024 o órgano instrutor do procedemento emite informe ao respecto.

O 18 de novembro de 2024 Intervención emite informe favorable de fiscalización.

O 19 de novembro de 2024 a Comisión de Valoración, á vista dos antecedentes e de conformidade co informe do órgano instrutor efectúa a valoración das solicitudes admitidas, previa exclusión dos beneficiarios que non cumpran cos requisitos da convocatoria.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

No relativo ao réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2024



2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Consta no expediente o informe do órgano instrutor do expediente sobre a valoración das solicitudes, informe favorable de Intervención sobre a mesma e informe da comisión de valoración.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a concesión das subvencións e desestimación das solicitudes é a Xunta de Goberno, conforme ao establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en concordancia coa base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2024.

III. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Estimar as seguintes solicitudes e conceder as subvencións por importe total de 80.000,00 €, que deberán imputarse á aplicación 24/433.4320.489.01 co detalle que figura a continuación:

NIF	NOME ENTIDADE	ACTIVIDADE SUBVENCIÓN	ORZAMEN TO	IMPORTE SOLICITU DE	VALORACI ÓN	IMPORTE ASIGNA DO SUB.	% ORZAMEN TO
G27745397	FUNDACION PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	SEMANA VIGO PESQUEIRO 2024	4.204,75 €	2.943,33 €	55	2.943,33 €	70,00%
G36452837	ASOCIACION DE PERSOAS CON DISCAPACIDA DE VONTADE	RIÓ MIÑO, MARCA INCLUSIVA	8.500,00 €	5.500,00 €	25	4.777,81 €	56,21%
G36260354	ASOC AMIGOS DA EMPANADA	FESTA DA EMPANADA	20.183,26 €	5.500,00 €	49	5.500,00 €	27,25%
G36032498	ASOC DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS ESERVICIOS	PLAN GLOBAL DE DESESTACIONALIZA CIÓN DO TURISMO DO CONCELLO DO GROVE	15.800,00 €	4.000,00 €	34	4.000,00 €	25,32%
G01945443	ASOCIACION INTERNACIONAL PARA LA COOPERACION TURISTICA	I SIMPOSIO DE COOPERACIÓN TURÍSTICA INTERNACIONAL	25.066,11 €	3.000,00 €	27	3.000,00 €	11,97%
G72660277	CLUB NAUTICO INCLUSIVO BAIXO MIÑO	SAN SIMÓN INCLUSIVO	4.279,00 €	2.995,30 €	25	2.995,30 €	70,00%



G36361434	ASOC AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRON	XXV MALLA TRADICIONAL DE LALIN	8.034,40 €	5.500,00 €	82	5.500,00 €	68,46%
G36410967	ASOC ETNOGRAFICA DE CODESEDA	UNHA ALDEA NO NADAL	7.901,30 €	5.500,00 €	69	5.500,00 €	69,61%
G36889780	ASOCIACION DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL	PRESENTACIÓN DA CAMPAÑA DE POSTA EN VALOR DOS RECURSOS E SERVIZOS LOCAIS PARTE TI 2024	13.197,23 €	5.500,00 €	35	5.500,00 €	41,68%
G36008431	SOCIEDAD DEPORTIVA RIO ULLA	GASTROTUR DO ULLA	38.540,94 €	6.000,00 €	28	5.351,14 €	13,88%
G72660293	ASOC CULTURAL AIRES NOVOS CASTRELO	II MOSTRA DOS VIÑOS DO MAR	7.539,40 €	5.500,00 €	26	4.968,92 €	65,91%
G94157740	ASOCIACION CULTURAL POR UN MUSEO DO MAR PARA MARIN	FESTIVAL DA MEMORIA DO MAR - IV XORNADA DE HOMENAXE ÁS MULLERES E HOMES DO MAR	4.803,70 €	1.633,50 €	43	1.633,50 €	34,01%
G36432896	ASOCIACION DEPORTIVA Y CULTURAL DE RANDE	XI CONMEMORACIÓN BATALLA DE RANDE	44.413,29 €	5.500,00 €	54	5.500,00 €	12,38%
G36688422	ORQUESTA CLASICA DE VIGO	UN CAMIÑO BEN TEMPERADO 2024	10.500,00 €	5.500,00 €	65	5.500,00 €	52,38%
G36597292	A ROSA DOS VENTOS-MOTOCUB	XIII CONCENTRACIÓN MOTEIRA A ROSA DOS VENTOS	37.699,52 €	5.500,00 €	35	5.500,00 €	14,59%
G27817444	ASOC. SOCIOCU. Y DEPORTIVA SINERGIAS 360	GASTRO MOVIDA SUMMIT 2024	26.950,00 €	5.500,00 €	29	5.500,00 €	20,41%
G70408539	AGETAN ASSOCC. GALEGA DE EMPRESAS DE TURISMO ACTIVO E NATUREZA	II CONGRESO DE TURISMO DE OBSERVACIÓN E ACTIVIDADES NA NATUREZA DE GALICIA	10.860,00 €	5.500,00 €	31	5.500,00 €	50,64%
G94190543	CLUB ROTEIROS DE LALIN	ROTEIROS DE LALIN 2024	1.185,80 €	830,00 €	34	830,00 €	69,99%



2. Desestimar ou ter por desistidas as seguintes solicitudes:

NIF	NOME ENTIDADE	ACTIVIDADE SUBVENCIÓN	PUNTUACIÓN	MOTIVO EXCLUSIÓN
V36260982	COMISION DE FIESTAS DE SAN BERNARDO DE CEDEIRA	FESTAS E TRADICIÓN POPULARES NA PARROQUIA DE CEDEIRA	5	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G15128275	ASOCIACION GALEGA DE ARTESANOS	ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DE SANXENXO. OFEITOAMAN SANXENXO	17	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G36614907	FEDERACION EMPRESARIOS DE HOSTELERIA	I CONCURSO DE COCTELERÍA MODALIDADE LIBRE: PONTE CÓCTEL	Sen valorar	Desiste da solicitude, renuncia a continuar coa tramitación
G36178432	ASOC DE VECIÑOS BOUREANTE DA PARROQUIA DE SAN XOAN DO CONCELLO DE POIO	FESTA DOS CALLOS	18	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G36614907	FEDERACION EMPRESARIOS DE HOSTELERIA	XORNADA DE TURISMO RESPONSABLE E SOSTIBLE "HACIA UN FUTURO TURÍSTICO CONSCIENTE	Sen valorar	Desiste da solicitude, renuncia a continuar coa tramitación
G27804632	ASOC. DE PALILLEIR@S DE MOS	IV DESFILAMOS	11	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G36623346	MONTE REAL CLUB DE YATES DE BAIONA	39 TROFEO PRINCIPE DE ASTURIAS	Sen valorar	Actividade non subvencionable
G36632081	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	FEIRA - FESTA DA CEREIXA DE BEADE	10	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G56697352	ASOC ACUDIN	RIA DE VIGO	17	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G09740945	DEPORTIVA Y CULTURAL GALICIA SIN LÍMITE	AVENTURA NA ENSEADA, COÑECENDO OS SEGREDOS	13	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G94017324	ASOC CULTURAL BURBIDA	AS BALCONADAS DE MONDARIZ	10	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G94020856	ASOC VEC CUL E ETNOGRAFICA SAN CIBRAN	RUTA DAS PALEOPAISAXES DE AUGA E PEDRA DE MOURISCADOS	Sen valorar	Documentación incompleta: Non emendar a documentación



G36598696	ASOCIACIÓN DE FESTAS DO CARMEN DE SOUTOXUSTO	FESTA POPULAR DO CARMEN DE SOUTOXUSTE	6	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G55397061	ASOCIACIÓN MAR A GOTAS	EXPLORANDO A RÍA	15	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
35601961P	CLEMENTE	ORGANIZACIÓN DE CONVENCIONES Y FERIAS DE MUESTRAS	Sen valorar	Documentación incompleta: Non emendar a documentación
G36142685	ASOC DE VECINOS SANTA BAYA-MOS	FESTA O SON DO PAZO	22	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos)
G94153053	ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO EDUCATIVO Y CULTURAL	CURSO SECTOR TURISMO (TERMALISMO Y REDES SOCIALES) Y PROMOCIÓN EN AYUNTAMIENTOS	Sen valorar	Actividade non subvencionable

9.34391.- CONCESIÓN DE AXUDAS DO “PROGRAMA OLÍMPICOS E PARALÍMPICOS PARIS 2024”. (Expte.2024024472)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo “*Aprobación das bases reguladoras para a concesión de axudas do programa “Olimpicos e Paralimpicos Paris 2024”*”, publicadas no BOPPO nº151 do 5 de agosto de 2024.

Segundo.- Con data 5/08/24 procédese á publicación das bases anteriormente sinaladas no BOPPO (núm. 151), establecéndose un prazo de presentación de solicitudes dende o día seguinte a publicación do anuncio das bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), ata o 30 de setembro de 2024.

Terceiro.- Con data 23/10/2024 a xefatura do servizo de Cultura emite informe proposta ao respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de solicitudes que compren cos requisitos para e obrigas establecidos nas bases para ser beneficiarias, así como aquelas que deben ser desestimadas.

Cuarto.- Con data 23/10/24 a xefatura do servizo de Cultura formula a proposta de resolución provisional das subvencións obxecto do presente procedemento. Por outra banda, con data 11/11/24 efectúase a proposta de resolución definitiva.



Quinto.- En data 12/11/24 fiscalízase de xeito favorable o expediente pola Intervención da Deputación.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no caso de tratarse de Asociacións, artigo 232.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.

Segundo.- O procedemento de concesión das axudas a deportistas da provincia de Pontevedra no ámbito do programa “Olímpicos e paralímpicos París 2024” realizase en réxime de concorrencia non competitiva; en ningún caso a suma total das axudas concedidas pode superar o orzamento previsto nas bases.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das bases de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión por importe de 125.000,00€ e declarar o abono a 24 beneficiarios e beneficiarias das axudas a deportistas da provincia de Pontevedra no ámbito do programa “Olímpicos e Paralímpicos París 2024” e que figura na relación que se achega co seguinte CSV: Q62UYN9VMRjX6GL3.

Segundo.- Excluir deste programa un total de 1 solicitude por non participar nos xogos olímpicos de maneira oficial (base quinta) que se achega co seguinte CSV: SV615C9EYUH2BFJL

10.34392.- AMPLIACIÓN DAS BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (1ª, 3ª E 9ª MOBILIDADE) (Expte.2023003512)

ANTECEDENTES DE FEITO

O 23 de novembro de 2022 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea núm. C 444/16 a convocatoria de propostas 2023 (EAC/A10/2022) do Programa Erasmus+, ao abeiro do Regulamento (UE) Núm. 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio do 2021, polo que se establece Erasmus+, o Programa da Unión para a educación e a formación, a xuventude e o deporte, e se derroga o Regulamento (UE) núm. 1288/2013.

O 21 de febreiro de 2023 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade (ID da solicitude: KA121-VET-DB33C956) dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Número de participantes: 90 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (*ErasmusPro*), 10 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.



O 21 de xullo de 2023 a dirección do *Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), emitiu a resolución definitiva pola que se resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121,KA122), correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2023, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 1.182.155,00€.

Trátase dun proxecto plurianual (2023-2024) financiado con fondos do SEPIE e fondos propios.

Para a anualidade 2023 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

Con data 24 de agosto de 2023 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2023 ata ao 31 de agosto de 2024. Ao cabo de 12 meses solicitouse a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso do dereito inherente a todos os beneficiarios. O 6 de xuño de 2024 o SEPIE notificou a aprobación desta solicitude, establecéndose a data de finalización do proxecto o 31 de maio de 2025.

De acordo co previsto na memoria do proxecto, en cada un dos centros de Formación Profesional constituíuse un comité de mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas. Á súa vez, a Deputación creou o seu comité de mobilidade para o asesoramento en materias xerais relativas ao proxecto, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas. Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, os participantes distribuíranse en varias quendas de mobilidade:

- A primeira mobilidade aprobada o 23 de febreiro de 2024 en sesión ordinaria da Xunta de Goberno, acordo número 5.33504.- *ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (1ª MOBILIDADE)* (Nº expediente 2023003512) pola contía total de 63.137€, comprendeu un total de 14 participantes que iniciaron a mobilidade en marzo do 2024 con destino Portugal, Italia e Malta, Irlanda e República Checa.

Esta mobilidade foi ampliada pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 24 de maio de 2024, *acordo número 11.33838.- AMPLIACIÓN DA BOLSA DE MOBILIDADE AO ALUMNO YÁBSERA SOUTO AYO, PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (1ª MOBILIDADE)*, pola contía de 2.618,00€.



- A segunda mobilidade aprobada o 20 de marzo de 2024 por Resolución Presidencial RP2024002314 ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO PERSOAL DOCENTE PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (2ª MOBILIDADE) pola contía de 804,00€, comprende a 1 docente que iniciou a mobilidade en marzo con destino Portugal.
- A terceira mobilidade foi aprobada por Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 5 de abril de 2024 co acordo 5.33603.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE Ó ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (3ª MOBILIDADE) (Expte.2023003512) pola contía de 94.636,00€. Comprende un total de 17 alumnos e alumnas que iniciaron a mobilidade en abril do 2024 con destino Croacia, Irlanda, Italia, Malta e Portugal.
- A cuarta mobilidade aprobada por Resolución Presidencial con data 17 de abril, RP2024003125 ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO PERSOAL DOCENTE PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (4ª MOBILIDADE) pola contía de 1.994,00€, comprende a 2 docentes que iniciaron a súa mobilidade en maio do 2024 con destino Malta e Hungría.
- A quinta mobilidade aprobada o 24 de abril de 2024 por Resolución Presidencial RP2024003358 ADXUDICACIÓN DE BOLSA DE MOBILIDADE AO PERSOAL DOCENTE PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (5ª MOBILIDADE) pola contía de 1.088,00€, comprende a 1 docente que iniciou a súa mobilidade en maio do 2024 con destino Polonia.
- A sexta mobilidade aprobada por Resolución Presidencial o 6 de maio de 2024 RP2024003792 ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AOS ALUMNOS E PERSOAL DOCENTE PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (6ª MOBILIDADE) pola contía 14.077,00€. Comprende a 1 docente e 3 estudantes que iniciaron a súa mobilidade en xuño 2024 con destino Italia e Portugal.
- A sétima mobilidade aprobada o 4 de xuño de 2024 por Resolución Presidencial RP2024004642 ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AOS ALUMNOS PARTICIPANTES NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (7ª MOBILIDADE) pola contía de 23.819,00€. Comprende a 8 participantes que iniciaron a súa mobilidade en xuño de 2024 con destino Croacia, Francia, Italia, Malta e Portugal.

A 1ª, 3ª, 6ª e 7ª mobilidade foron ampliadas por acordo da Xunta de Goberno nº 11.34056 – AMPLIACIÓN DAS BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (1ª, 3ª, 6ª, 7ª MOBILIDADE, expediente 2023003512), de data 19 de xullo de 2024, por un importe total de 45.850€.

- A oitava mobilidade aprobada o 19 de xuño de 2024 por Resolución Presidencial RP2024005206 ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AOS ALUMNOS PARTICIPANTES NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (8ª MOBILIDADE) pola contía de 27.346,00€. comprende a 2 alumnos que iniciaron a mobilidade en xullo de 2024 con destino Italia.



- A novena mobilidade foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 26 de xuño de 2024 con número 6.34079.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (9ª MOBILIDADE). (Expte.2023003512) pola contía de 462.520,00 €. Comprende a 46 alumnos e alumnas e 1 docente que iniciaron a mobilidade en setembro de 2024 con destino Francia, Holanda, Irlanda, Italia, Malta e Portugal.
- A décima mobilidade foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 13 de setembro de 2024, número 3.34188.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (10ª MOBILIDADE) (Expte. 2023003512) pola contía de 73.674,00€. Comprende a 8 alumnos e alumnas que iniciaron a mobilidade en setembro, outubro e novembro do 2024 con destino Noruega, Croacia, Malta e Portugal.
- A undécima mobilidade foi aprobada o 9 de outubro de 2024 por Resolución Presidencial RP2024007852 ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (11ª MOBILIDADE) pola contía 9.473€ mobilidade comprende a 1 alumno que iniciou a mobilidade en outubro do 2024 con destino Italia.
- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de alumnos (a concretar en próximas reunións do consorcio) que iniciarán a mobilidade en xaneiro de 2025.

A cláusula 3.3 do convenio de subvención Erasmus+ para estudante e persoal de Formación Profesional formalizado entre a Deputación de Pontevedra e as persoas participantes do proxecto establece que estas poderán enviar unha solicitude de ampliación da duración do seu período de mobilidade ata a duración máxima prevista na Guía do Programa Erasmus+ (365 días).

As persoas beneficiarias das mobilidades indicadas no Anexo solicitaron a ampliación da duración da súa estancia, segundo alí se detalla.

Con data 11 de novembro de 2024 emitiuse informe de ampliación da 1ª, 3ª e 9ª mobilidade participante no proxecto Erasmus+ 2023 asinado polo xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local co visto e praxe da Deputada Delegada.

Con data 12 de novembro de 2024 a Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a concesión de ampliación das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa na 1ª, 3ª e 9ª mobilidade do proxecto Erasmus+ 2023 detalladas no anexo. A contía ascende a 16.630,00 € que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2429.481.01.2023 do proxecto de gasto “2300005 - ERASMUS+ 2023” pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.



NORMATIVA APLICABLE

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2023 do programa Erasmus+ (EAC/A10/2022), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei, e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2024.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de Goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de execución do vixente orzamento.

PROPOSTA DE ACORDO

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. A concesión da ampliación das bolsas de mobilidade ao alumnado detallado no ANEXO.

Para a ampliación destas 1ª, 3ª e 9ª mobilidade a contía ascende a 16.630,00 € que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2429.481.01.2023 do proxecto de gasto 2300005_ERASMUS+ 2023 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

2. Notificar este acordo ás partes interesadas.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle abonou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.



ANEXO

MOBILIDADE	Nº DE EXPEDIENTE	NOME	DNI	SECTOR	CENTRO	DESTINO	INICIO AMPLIACIÓN	FIN AMPLIACIÓN	DIAS DE AMPLIACIÓN	IMPORTE AXUDA AMPLIACIÓN
1ª	2024042786	Yabsca Souto Ayo	***1482**	Xestión administrativa	IES PEDRO FLORIANI	REPÚBLICA CHECA	22/12/2024	15/03/2025	84	2.856,00 €
TOTAL AMPLIACIÓN 1ª MOBILIDADE										
2.856,00 €										

MOBILIDADE	Nº DE EXPEDIENTE	NOME	DNI	SECTOR	CENTRO	DESTINO	INICIO AMPLIACIÓN	FIN AMPLIACIÓN	DIAS DE AMPLIACIÓN	IMPORTE AXUDA AMPLIACIÓN
3ª	2024042797	Priscila Marilia Joaquim Bastos	***2000**	Xestión administrativa	CPR DANIEL CASTELAO	IRLANDA	02/12/2024	29/04/2025	149	6.854,00 €
3ª	2024042806	Thomas Barga Rodrigues	***6532**	Xestión administrativa	IES RICARDO MELLA	MALTA	20/12/2024	29/04/2025	131	5.240,00 €
TOTAL AMPLIACIÓN 3ª MOBILIDADE										
2.094,00 €										

MOBILIDADE	Nº DE EXPEDIENTE	NOME	DNI	SECTOR	CENTRO	DESTINO	INICIO AMPLIACIÓN	FIN AMPLIACIÓN	DIAS DE AMPLIACIÓN	IMPORTE AXUDA AMPLIACIÓN
9ª	2024043611	Ana Suarez Llanos Nogueira	***1970**	Atención a persoas en situación de dependencia	CIFP A XUNQUEIRA	MALTA	22/12/2024	01/02/2025	42	1.680,00 €
TOTAL AMPLIACIÓN 9ª MOBILIDADE										
1.680,00 €										

TOTAL AMPLIACIÓN 1ª, 3ª e 9ª MOBILIDADE	16.630,00€
--	-------------------



11.34393.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS AO AMPARO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A IMPLANTACIÓN DE AGRO-COMPOSTAXE EN SINERXÍA COS BIORRESIDUOS MUNICIPAIS (Expte.2022048522)

Visto o informe do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 14 de novembro de 2024, (CSV:QD2HNDO3JICLDO7Y), co seguinte teor literal:

“Vistas as solicitudes presentadas por Bodegas Martín Códax S.A e Viñas e Terras do Pazo S.L., sobre o asunto arriba indicado, o técnico que subscribe emite o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 5 de agosto de 2022, aprobou as bases reguladoras da concesión de subvencións para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais; as bases e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia nº 157, de data 18 de agosto de 2022.

O obxecto desta convocatoria é promover e aproveitar as sinerxías asociadas á cocompostaxe de biorresiduos de orixe doméstica, recollidos de forma separada en orixe, cos residuos orgánicos agro-gandeiros, silvícolas, vitivinícolas, hortofrutícolas ou similares, cunha liña de subvencións destinada a financiar a construción ou adaptación das instalacións adecuadas para iso, na que se inclúe tanto a obra civil coma a maquinaria etc., coa finalidade de utilizar en orixe o compost resultante.

Segundo. Finalizada a tramitación administrativa das dúas fases contempladas nesta convocatoria, a Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o 3 de novembro de 2023 acordou conceder as seguintes subvencións para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais:

Entidade	Contía da subvención a percibir
Bodegas Martín Códax, S.A.	600.000 euros
Viñas e Terras do Pazo, S.L.	257.015,48 euros
Total	857.015,48 euros

De acordo co establecido na base décimo quinta as entidades beneficiarias deberán ter executadas as actuacións para as que se conceden as axudas antes do 31 de decembro de 2024 debendo xustificalas antes do 31 de marzo de 2025.

Terceiro. Os días 4 e 5 de novembro de 2024, teñen entrada no Rexistro Xeral de Deputación Provincial de Pontevedra (n^{os} de rexistro web2024067044 e web2024067510) escritos de Bodegas Martín Códax S.A. e Viñas e Terras do Pazo S.L., a través dos cales solicitan de maneira motivada a ampliación ata o 31 de decembro de 2025 do prazo de execución das actuacións para as que se concederon as subvencións para a implantación de agrocompostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais, ao ser imposible ter executadas as mesmas antes do 31 de decembro de 2024.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación dunha subvención sempre que non prexudiquen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- A base vixésimo primeira das reguladoras da subvención de referencia relativa á modificación da resolución de concesión indica que “A entidade beneficiaria da subvención poderá solicitarlle ao órgano que a concede a modificación da resolución da concesión nos termos e condicións establecidos no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Neste sentido, no caso de solicitude de modificación do acordo de concesión por parte das ou dos beneficiarios, para a súa aprobación polo órgano competente, debe terse en conta que non poida significar dano aos dereitos de terceiras persoas, o cumprimento das condicións establecidas na Base décimo primeira-Criterios de concesión, non incrementar o importe concedido no seu día e respectar o cumprimento dos prazos recollidos na Base decimo quinta- Xustificación e aboamento”.

- O artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra permite a modificación da resolución de concesión, incluídos os prazos de execución e xustificación, naqueles casos en que se xustifique adecuadamente, se ben as modificacións non deberán variar o destino ou finalidade da subvención nin supoñer prexuízos a terceiros, e deberán solicitarse antes de rematar o prazo para realizar as actividades. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida.

Trasladado o anterior ao presente expediente, as solicitudes obxecto do presente informe compren as premisas mencionadas xa que logo:

- A propia singularidade desta convocatoria xustifica a ampliación solicitada, xa que nos atopamos ante a concesión dunha subvención como forma de complementar a prestación dun servizo público (pola vía do artigo 23 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais), cuxa competencia é eminentemente de carácter local (entre outros, artigos 25, 26 e 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local ou artigo 12 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular). Con esta iniciativa evítase que os Concellos e a Deputación teñan que construír e xestionar esas plantas comarcais de compostaxe, o que supón un gran aforro para o sector local da provincia mellorando a eficiencia do tratamento dos residuos.
- Esta iniciativa é de grande interese para os concellos limítrofes ás novas plantas comarcais de compostaxe ao poder tratar a fracción orgánica nestas instalacións sen grandes desprazamentos, dando cumprimento ao principio de proximidade, e a un prezo menor que o abonado nestes momentos para o tratamento deste tipo de fracción (45 e 48,30 euros/tn, ofertados por Martín Codax e Viñas e Terras do Pazo, respectivamente, fronte aos 49,85 euros que actualmente pagan os Concellos).



- O retraso da propia Administración na resolución da concesión das subvencións (xa que en agosto de 2022 se publicaron as bases da convocatoria, e non se resolve a mesma ata novembro de 2023), fan imposible o cumprimento por parte das entidades beneficiarias dos prazos establecidos na mesma respecto de ter executadas as actuacións antes do 31 de decembro de 2024; é máis, no momento da concesión das subvencións ditos prazos tiñan que ter sido obxecto de ampliación, circunstancia que non se deu.
- A complexidade que rodeou a elaboración dos proxectos básicos e de execución das plantas comarcais de compostaxe, instalacións das que apenas existen antecedentes, provocou que as entidades beneficiarias non puidesen iniciar a tramitación administrativa de cara á obtención dos preceptivos permisos/autorizacións/licenzas ata maio de 2024; neste sentido, acreditan ter realizadas as seguintes actuacións:

BODEGAS MARTÍN CÓDAX, S.A.U		
Permiso/ Autorización/Licenza	Organismo ante o que se presenta	Data de presentación
Solicitud de licenza de obra	Concello de Meis	15.05.2024
Solicitud de avaliación de impacto ambiental simplificado	Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias alimentarias	15.05.2024
Solicitud de autorización de obras en solo rústico de protección forestal	Dirección Territorial da Consellería do Medio Rural de Pontevedra	23.08.2024
Solicitud de recoñecemento do dereito a un uso privativo de augas por disposición legal e de inscrición no libro de rexistro	Augas de Galicia	28.08.2024
Solicitud de autorización para limpeza de franxa de 50 metros que afecta a elementos catalogados	Dirección Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de Pontevedra	21.10.2024

VIÑAS E TERRAS DO PAZO, S.L.		
Permiso/ Autorización/Licenza	Organismo ante o que se presenta	Data de presentación
Solicitud de licenza de obra maior	Concello de Tomiño	20.05.2024
Solicitud de avaliación de impacto ambiental	Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias alimentarias	20.05.2024
Solicitud de autorización de patrimonio cultural	Dirección Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de Pontevedra	14.10.2024
Solicitud de recoñecemento do dereito a un uso privativo de augas por disposición legal e de inscrición no libro de rexistro	Augas de Galicia	05.11.2024



A día de hoxe as entidades beneficiarias non dispoñen de todos os permisos necesarios, polo que é imposible iniciar as construcións obxecto de subvención.

- *A normativa aplicable permite realizar as modificacións propostas xa que non implican un cambio do destino ou finalidade da subvención nin variacións económicas á alza; tampouco se prexudican dereitos de terceiras persoas e as modificacións solicítanse antes de que conclúa o prazo para a realización das actuacións obxecto das subvencións (no presente expediente, o 31 de decembro de 2024).*
- *Sen prexuízo do anterior, tamén é preciso lembrar que os expedientes obxecto do presente informe forman parte do Plan de residuos Ponte a Zero no que está implicada a propia Deputación como promotora destas actuacións e cuxas axudas van máis aló do concepto tradicional de subvención en sentido estrito.*

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes de feito mencionados e os fundamentos xurídicos expostos, infórmase favorablemente a ampliación ata o 31 de decembro de 2025 do prazo de execución das subvencións concedidas ao amparo da convocatoria de axudas para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais, debendo xustificarse polas entidades beneficiarias antes do 31 de marzo de 2026.

Esta modificación non supón variación algunha no importe total da subvención concedida ás citadas entidades ao abeiro da devandita convocatoria; así mesmo, respéctanse os criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención de referencia e non se produce prexuízo nos dereitos de terceiros.

Reiterar que con esta iniciativa-que ven a complementar a prestación dunha competencia de carácter eminentemente local- se consegue que a Deputación e os Concellos non teñan que construír e xestionar esas plantas comarcais de compostaxe, o que supón un gran aforro para as entidades locais da provincia mellorando a eficiencia do tratamento dos residuos.”

Vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención Xeral, de data 15 de novembro de 2024, (CSV: N8Z3JTZO1C9GVT62), respecto ao citado informe-proposta transcrito anteriormente.

Á vista do exposto, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Ampliar ata o 31 de decembro de 2025 o prazo de execución das subvencións concedidas a Bodegas Martín Códax S.A. e Viñas e Terras do Pazo S.L., ao amparo da convocatoria de axudas para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais, debendo xustificarse polas entidades beneficiarias antes do 31 de marzo de 2026.

Segundo. Darlle traslado do presente acordo a Bodegas Martín Códax S.A., Viñas e Terras do Pazo S.L., a Intervención e ao Servizo de Asistencia Intermunicipal, aos efectos oportunos.



12.34394.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN O RECUNCHO DA LINGUA, DO CONCELLO DA ESTRADA, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “ENTRAR EN XOGO”, AO ABEIRO DAS BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIAS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2024. (Expte.2024037055)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 19 de abril de 2024, aprobou as Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 (Acordo núm. 35.33687), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 81 de 25 de abril de 2024.

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria de 4 de outubro de 2024 (Acordo núm. 16.34243), concederlle á Asociación O Recuncho da Lingua, con CIF G-70919626, unha subvención de 3.225,00 € para o proxecto de dinamización da lingua galega “Entrar en xogo” con cargo á aplicación orzamentaria 24/334.3340.489.05 do orzamento provincial.

Con data de 4 de novembro de 2024 e número de rexistro WEB2024067057, a Asociación O Recuncho da Lingua presenta renuncia á subvención concedida no seu día, pola imposibilidade de executar o proxecto no prazo sinalado pola tardanza na resolución da convocatoria, e que sendo os destinatarios do mesmo os centros escolares, a posta en marcha do mesmo no mes de outubro, xa con principio dun novo curso escolar, non era posible.

Con data de 5 de novembro de 2024, a xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos informa da dita renuncia, na que solicita dilixencia de fiscalizado e conforme á área de Intervención.

Con data de 6 de novembro de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).



- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base reguladora 14ª da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, a cuxa xefatura lle corresponde a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.



A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a Asociación O Recuncho da Lingua presenta, en data de 4 de novembro de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 para o proxecto de dinamización da lingua galega “Entrar en xogo”.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, con data de 5 de novembro de 2024 (CSV: DLZWD83P0Q0VN02O) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data de 6 de novembro de 2024 (CSV: SVTHG2WGS9SX8ZIK), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Asociación O Recuncho da Lingua* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 para o proxecto de dinamización da lingua galega “Entrar en xogo”. (Expte. 2024037055).
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo á Asociación O Recuncho da Lingua, á Intervención, ao Servizo Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e ao Gabinete de Presidencia.

13.34395.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL XUVENTUDE BOLARQUEIRA, DO CONCELLO DE LALÍN, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “LITERATURA NO RURAL 2024”, AO ABEIRO DAS BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2024.
(Expte.2024036961)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 19 de abril de 2024, aprobou as Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 (Acordo núm. 35.33687), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 81 de 25 de abril de 2024.

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria de 4 de outubro de 2024 (Acordo núm. 16.34243), concederlle á Asociación Cultural Xuventude Bolarqueira, con CIF G-94163722, unha subvención de 2.000,00 € para o proxecto de dinamización da lingua galega “Literatura no rural 2024” con cargo á aplicación orzamentaria 24/334.3340.489.05 do orzamento provincial.



Con data de 9 de novembro de 2024 e número de rexistro WEB2024068888, a Asociación Cultural Xuventude Bolarqueira presenta renuncia á subvención concedida no seu día xa que durante o ano xurdíronlle gastos imprevistos que, ao non dispoñer de fondos propios, imposibilitaron a execución da actividade. A asociación ten previsto a reanudación do programa o vindeiro ano e así seguir cos obxectivos previstos.

Con data de 12 de novembro de 2024, a xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos informa da dita renuncia, na que solicita dilixencia de fiscalizado e conforme á área de Intervención.

Con data de 13 de novembro de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base reguladora 14^a da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, a cuxa xefatura lle corresponde a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.



Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a Asociación Cultural Xuventude Bolarqueira presenta, en data de 9 de novembro de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 para o proxecto de dinamización da lingua galega “Literatura no rural 2024”.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, con data de 12 de novembro de 2024 (CSV: 9HORDOV3W5HS27SM) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data de 13 de novembro de 2024 (CSV: VBE994JG3AOK5HJ5), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Asociación Cultural Xuventude Bolarqueira* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024 para o proxecto de dinamización da lingua galega “Literatura no rural 2024”. (Expte. 2024036961).
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo á Asociación Cultural Xuventude Bolarqueira, á Intervención, ao Servizo Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e ao Gabinete de Presidencia.



14.34396.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS CONSUMO NOVAS Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024).
(Expte.2024014314)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 18/11/2024 con CSV QH97FRFH8QZLF4T3, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe antedito da Xefa do Servizo de Cooperación de data 18/11/2024 con CSV QH97FRFH8QZLF4T3, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 18/11/2024 con CSV 22Q9C1CFT1NVZVKH, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da “Comunidade de usuarios de augas consumo Novas” con CIF G94017464 á subvención concedida de 10.000,00 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 € previamente comprometido na aplicación 2024/942.4590.789.07.

15.34397.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS “A REVOLTA” Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024).
(Expte.2024014482)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 18/11/2024 con CSV RAEAIPYDK0EP1GPE, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe antedito da Xefa do Servizo de Cooperación de data 18/11/2024 con CSV RAEAIPYDK0EP1GPE, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 18/11/2024 con CSV 0RUSE1UD7T1UVE3P, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da “Comunidade de usuarios de augas a Revolta” con CIF G36434553 á subvención concedida de 10.000,00 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).



A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 € previamente comprometido na aplicación 2024/942.4590.789.07.

16.34398.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS CASELAS Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024). (Expte.2024014277)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 12/11/2024 con CSV YCS5EF4OXEMLNU49 e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 12/11/2024 con CSV YCS5EF4OXEMLNU49, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 14/11/2024 con CSV GWWTEHIT1B6WSP05, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da “Asociación de Mulleres Rurais Caselas (G36206357)” á subvención concedida de 9.450,45 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024).

A aprobación da renuncia suporá para a asociación a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 9.450,45 € previamente comprometido na aplicación 2024/942.4590.789.07.

17.34399.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE “CONVENIO DE USUARIOS DE FONTE DO POBO” Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024). (Expte.2024011998.)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 08/11/2024 con CSV: ZSCIAS0S6J4MI7D1 e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 08/11/2024 con CSV: ZSCIAS0S6J4MI7D1, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 11/11/2024 con CSV: 9WRPMSIMAP4MAAW2, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da comunidade “Convenio de usuarios de Fonte do pobo” (G27783307) á subvención concedida de 10.000,00 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).



A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 € previamente comprometido na aplicación 2024/942.4590.789.07.

18.34400.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO E DE EXECUCIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE ABASTOS”, FINANCIADA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 INVESTIMENTOS, CONCELLO DE A GUARDA (Expte.2023006522).

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, número 9.32504, na súa sesión do día 31 de marzo de 2023, concedeuse ao Concello de A Guarda no marco do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2023), polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 172.365,19 € con destino ao financiamento do investimento “Acondicionamento da praza de abastos” (Expte.:2023006522), cun orzamento de 172.365,58 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO, €	SUBVENCIÓN, €	FONDOS PROPIOS DO CONCELLO, €
2023	172.365,58	172.365,19	0,39

En data 11/07/2024, o concello de A Guarda, solicita dispoñer da baixa teórica por un importe de 16.805,61€.

Mediante Resolución Presidencial número 2024006066 de data 23/07/2024 ((CSV):XXPR7N7T6K88L73O), deixase en dispoñible crédito por importe de 16.805,61 €, como trámite previo ao reinvestimento da baixa teórica do investimento “Acondicionamento da praza de abastos”, a fin de que o Concello poida aplicar esta baixa na financiación dun novo investimento. A subvención para o investimento que nos ocupa pasa a ser de 155.559,58 €.

En data 05/11/2024, ten entrada no rexistro da sede electrónica da Deputación (WEB2024067390), instancia xenérica do *Concello de A Guarda*, na que solicita a tramitación do proxecto modificado do investimento “Acondicionamento da praza de abastos”. Posteriormente o Concello emenda defectos observados na documentación aportada inicialmente.



O Concello achega o proxecto modificado aprobado polo órgano competente e informe técnico no que se detallan as deficiencias detectadas unha vez iniciadas as obras e que determinan a necesidade de redactar o proxecto modificado.

Revisada a documentación, a solicitude cumpre os requisitos esixidos na base 20ª do Plan Concellos 2022-2023; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/11/2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



Resolución do expediente:

- Base 20ª do Plan dos Concellos 2022-2023, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/11/2024, e da xefatura do servizo de Cooperación, de data 14/11/2024, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 18/11/2024 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado e de execución da obra “*Acondicionamento da praza de abastos*” (Expte.:2023006522), financiada no marco do Plan Concellos 2022_2023 (anualidade 2023) liña 1 investimentos, cun orzamento de adxudicación de 155.559,93 € (IVE incluído), quedando o cadro de financiamento da devandita obra tal e como se reflicte deseguido:

ANUALIDADE	ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN	SUBVENCIÓN A CARGO DO PLAN CONCELLOS	FONDOS PROPIOS DO CONCELLO
2023	155.559,93€	155.559,58€	0,35€

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Guarda*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

19.34401.- AUTORIZAR A REFORMULACIÓN DO PROXECTO DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO POMBAL” INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (Expte.2024019279).

ANTECEDENTES

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.
- O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.



- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Cambados o importe que lle corresponde é de 87.753,43€.
- Mediante o acordo núm. 4.33881 do 07/06/2024 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra concedeu ao Concello de Cambados unha subvención de 87.753,43 € con destino ao financiamento do investimento “Substitución da cuberta do pavillón polideportivo do Pombal” ao abeiro do PEID, cun orzamento de 109.762,08 € e unha achega municipal de 22.008,65€.
- Na data 06/11/2024 o Concello de Cambados presenta unha solicitude (núm. rexistro WEB2024067781) de cambio da proxecto do citado investimento no que non se altera o orzamento orixinal.
- O novo proxecto conta co informe de supervisión favorable do xefe dos Servizos Técnicos de Cooperación de data 07/11/2024 (CSV: EGY2MNBUSR3TZVSK).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos na base reguladora 21ª do PEID
- O 13/11/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a solicitude de cambio de memoria (CSV: W0IM1PLZVI71FI2Y) e na data 14/11/2024 a Intervención provincial informa favorablemente (CSV: C83B0R4YIGKV3SY2).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

CAMBIO DE MEMORIA

- Base reguladora 21ª do PEID, relativa á modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación dos proxectos técnicos.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Cambados relativa ao cambio de proxecto do investimento denominado “*Substitución da cuberta do pavillón polideportivo do Pombal*”, non supón alteración do orzamento orixinal, non altera a obra na súa formalización, non supón unha baixa na calidade do proxectado e resposta á finalidade orixinaria da axuda, adáptase ás consideracións xurídicas expostas.

O orzamento do novo proxecto correspóndese co orzamento do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

O novo proxecto non altera o obxecto nin a finalidade e coa mesma non se prexudican dereitos de terceiros.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no PEID e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións.



Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Prestar a conformidade ao proxecto técnico reformulado da actuación denominada “*Substitución da cuberta do pavillón polideportivo do Pombal*” presentado polo Concello de Cambados ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 109.762,08 €.
A modificación do acordo de concesión condicionase, tal el como se estableceu no acordo de concesión, á aportación da acta de trazado previo así como á acreditación da titularidade dos bens, instalacións e terreos nos que se van a executar os investimentos.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Cambados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

20.34402.- AUTORIZAR A REFORMULACIÓN DO PROXECTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DA PLANTA 2ª DA CASA CONSISTORIAL PARA AULAS DE FORMACIÓN E ACTIVIDADES”, INCLUÍDO NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 - INVESTIMENTOS DO CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO (Expte.2024021647)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- En data 30/08/2024, mediante acordo da Xunta de Goberno número 2.34165, concedeuse ao *concello de Mondariz-Balneario*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 96.796,44 euros para o financiamento do investimento “*Acondicionamento da planta 2ª da Casa Consistorial para aulas de formación e actividades*” (expediente: 2024021647) en base a un orzamento de execución de contrata polo importe de 138.444,87 euros. O importe restante ata completar o orzamento será co-financiado con fondos propios do *Concello*.
- A concesión quedou condicionada a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, así como, á presentación da resolución ou acordo de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo debidamente cumprimentada.
- En data 18/10/2024 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2024064566, instancia do *concello de Mondariz-Balneario* na que solicita un cambio de proxecto na subvención concedida.
- O *Concello* expón a necesidade de redactar un novo proxecto para axustalo aos condicionantes que lle impuxo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade.
- A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 06/11/2024.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnica competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
- A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación de data 06/11/2024 e da xefa do servizo de Cooperación de data 11/11/2024 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial de data 13/11/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a reformulación do proxecto técnico aportado inicialmente e que figura no expediente, polo novo documento técnico, presentado en data 18/10/2024 co rexistro de entrada WEB2024064566, que rexerá a execución do investimento “*Acondicionamento da planta 2ª da Casa Consistorial para aulas de formación e actividades*” (expediente: 2024021647), sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, nin o importe do orzamento e subvención concedida mediante o acordo adoptado na Xunta de Goberno número 2.34165 do día 30 de agosto de 2024.
- O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno número 2.34165 do día 30 de agosto de 2024 con respecto ao condicionantes establecidos (autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, resolución ou acordo de aprobación do proxecto e acta de trazado previo), continúan vixentes.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Mondariz-Balneario*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete de Presidencia.

21.34403.- AUTORIZACIÓN DO COMPROMISO DO GASTO E O RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA EP 2106 A RAMALLOSA-PARADA, DENDE O PQ 3+200 AO PQ 4+195 (CONCELLO DE NIGRÁN)”.(Expte.2023004714)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 28/07/2023 acordou adxudicar a empresa “CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL” (NIF B36147429) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 2106 A Ramallosa-Parada, dende o PQ 3+200 ao PQ 4+195 (Concello de Nigrán)*”, por un importe de 923.301,89 € (IVE engadido) e un prazo de execución de OITO (8) meses.



Resultando.- Que con data 01/09/2023 formalizouse acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 01/05/2024.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12/04/2024 acordou conceder á empresa “CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL” unha ampliación de prazo de DOUS (2) meses na execución do contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 2106 A Ramallosa-Parada, dende o PQ 3+200 ao PQ 4+195 (Concello de Nigrán)*”, establecendo como data para finalizar a obra o día 01/07/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicarán ao contratista automaticamente as penalidades previstas.

Resultando.- Que se incorporou ao expediente o informe do director da obra relativo a xustificación desta para a súa recepción (CSV: STXGLEMHWW5322E3) de data 12/09/2024 no que se contempla que “*os controis de calidade foron executados ao longo da obra, seguindo os ritmos da mesma, téndose realizado practicamente tódolos ensaios, só quedando pendentes de recepción os informes dos ensaios de sinalización, que serán recibidos nos próximos días*”, así como que terminouse por executar de forma correcta a totalidade da obra.

Resultando.- Que o día 13/09/2024 recibíuse a obra, constando no expediente a Acta de recepción favorable polo facultativos e desfavorable polo servizo de Intervención.

Resultando.- Que consta no expediente o informe do director da obra relativo á xustificación do excesos de medición da obra (CSV: S9MILX5HC8ABNWPV) de data 26/09/2024 no que se fai constar, ademais dos excesos, que:

“O importe final do incremento de execución da obra ascende a 65.385,54 euros (en execución material), o que supón un importe líquido de 89.337,64 euros, unha vez aplicados os coeficientes de adxudicación, G.G., B.I. e I.V.E (21 %), que representa o 9,675886 % do prezo de adxudicación do contrato inicial da obra.

Os controis de calidade foron executados ao longo da obra, segundo os ritmos da mesma, sendo analizados e establecéndose as decisións necesarias por parte da Dirección Facultativa no caso de que nalgún parámetro non dese o resultado estimado, terminando por executar de forma correcta a totalidade da obra.

En canto ao cumprimento dos compromisos técnicos por parte do contratista, na acta de recepción favorable asinada polas diferentes partes maniféstase que as obras se atopan en bo estado para a súa recepción e se realizaron con arranxo ás prescricións técnicas previstas no contrato ou encargo e, no seu caso, nas melloras ofertadas e aceptadas e modificacións debidamente aprobadas”.

Resultando.- Que remitida ao servizo de Intervención a solicitude de fiscalización da certificación FINAL, este devólvea informada en data 8 de novembro do 2024, concluíndo que “*dado que as unidades de obra que se certifican se executaron, procedería a aprobación da certificación, seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial do crédito.*”. Así mesmo, fai constar as seguintes observacións:

“Esta certificación comprende excesos de medición que supoñen unha variación sobre as unidades previstas no proxecto do 9,675886 %%. Sinalar que estes aumentos de medición se compensan coa supresión ou defecto de medición doutras unidades, polo que o incremento do prezo de contrato supón un 4,071448%, xustificándose no informe final de obra das variacións producidas (CSV: S9MILX5HC8ABNWPV).

Este incremento financiarase pola Deputación de Pontevedra e polo propio Concello na mesma proporción (70% Deputación e 30% o Concello de Nigrán) e co mesmo límite que se estipula na cláusula terceira do convenio, xa que, así se establece na cláusula cuarta do mesmo. Tendo en conta os gastos xa executados ou comprometidos, con esta certificación incrementase a cantidade total estipulada no convenio en 39.616,14€. Polo que, aplicando ditos coeficientes de financiación, corresponderá achegar ao Concello de Nigrán a cantidade de 11.884,84€.



Por outra banda, non se cumpriu o prazo dun (1) mes desde a finalización da obra que establece a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) para a súa recepción (art. 210), xa que a execución da obra rematou con data 30 de xuño de 2024, e a súa recepción tivo lugar o día 13 de setembro de 2024.

Ase mesmo, e importante sinalar que a acta de recepción que consta no expediente con CSV: NQ4QKNDTAYOJ4810, está informada desfavorablemente polo representante da Intervención sinalando ao respecto o seguinte: "... Á vista das comprobacións realizadas e opinión favorable dos facultativos, polo representante da intervención, infórmase desfavorablemente posto que, segundo o seu mellor criterio, os cambios decididos pola dirección facultativa respecto ó proxecto licitado escapan a súa discrecionalidade e debería ter sido tramitada unha modificación que non foi aprobada acordo á normativa. Deben ser cumpridos os trámites que esixe a normativa para estes casos..."

Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta ao Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2024, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da obriga relativa á Certificación FINAL da obra "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 2106 A RamallosaParada, dende o PQ 3+200 ao PQ 4+195 (Concello de Nigrán)", debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicacións orzamentarias	Certif. Núm.	Importe
CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL (NIF B36147429)	24/456-4530-612.02.2022 24/456-4530-612.02	FINAL	89.337,64 €
	Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		2.481,77 €
	Control de calidade (3% PEM licit.)		1.961,57 €
	Total descontos		4.443,34 €
	TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		84.894,30 €

Segundo.- Repercutir e liquidar ao Concello de Nigrán, a cantidade de 11.884,84 €, correspondente ao 30% da contía non cuberta pola baixa de adxudicación dos excesos de medición incluídos na certificación FINAL desta obra.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados.



22.34404.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO “SERVIZO DE PROXECCIÓN DUN VIDEOMAPPING NA TORRE DO HOMENAXE DO CASTELO DE SOUTOMAIOR DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DURANTE A TEMPORADA DO NADAL”. (Expte.2024066550)

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 29/11/2024 12:13

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Turismo, traballa dende hai anos para que as Rías Baixas se convertan nun territorio onde o turismo sexa un dos motores económicos que permita mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns e a competitividade das empresas e que, sexa percibido como un destino innovador no que a súa identidade histórica e os seus recursos sexan atributos diferenciais para a atracción de visitantes e turistas.

A Deputación de Pontevedra ostenta a propiedade patrimonial do Castelo de Soutomaior dende o ano 1982. O castelo está situado no municipio do mesmo nome e constitúe un Ben de Interese Cultural (BIC), figura xurídica de protección do patrimonio. Outro espazo que se debe destacar, dentro do parque do Castelo de Soutomaior, é o xardín botánico, dito espazo conta con case 30 ha. de terreo e data do século XIX. En 2012 os xardíns do Castelo de Soutomaior conseguiron a declaración de Xardín de Excelencia Internacional en Camelia, converténdose no primeiro xardín de España e sétimo de Europa con esta distinción.

O Castelo de Soutomaior xestionado polo servizo de Turismo, é un dos recursos turísticos máis importantes do destino Rías Baixas. Cada ano en Nadal, acolle a mais de 3.000 visitantes que se achegan a ver a súa iluminación, ademais dos que deciden formar parte das distintas actividades que se realizan nesas datas.

Có fin de aplicar as novas tecnoloxías á expresión artística, preténdese realizar un videomapping con temática de Nadal e sumar así outro atractivo a este recurso.

O servizo de Turismo non conta cos medios materiais e humanos necesarios para realizar as prestacións obxecto do contrato, xa que se trata de traballos que conlevan un grao de cualificación e dedicación imposibles de garantir ao non contar cos medios necesarios e onde interveñen diversos profesionais, que en ocasións, dedícanse en exclusiva a estes servizos, esixindo un grao de especialización singular. Polo que, resulta necesaria a externalización da prestación do servizo de proxección dun videomapping na torre da Homenaxe do Castelo de Soutomaior xa que os mesmos non teñen carácter continuo ao longo do ano polo que non é necesario ampliar os medios técnicos e humanos. Por todo o anterior, en cumprimento do disposto no artigo 28 da LCSP, faise constar a idoneidade do obxecto e contido proxectado para satisfacer estas necesidades.

En base ao exposto, a Deputada delegada de Turismo co visto e prace da deputada delegada dictou providencia de inicio en data 10/10/2024 para a contratación do servizo de proxección dun videomapping na torre do homenaxe do Castelo de Soutomaior da Deputación de Pontevedra. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 29/11/2024 11:46



Visto que pola intervención se emitiu o correspondente documento de retención de crédito RC núm. 202400231582 por importe de 46.691,13 e con cargo a aplicación orzamentaria 24/433.3360.227.99 (Proxecto de gasto 24_0021 Gasto do Nadal 2024 Castelo Soutomaio) do vixente orzamento provincial.

Tendo en conta que, con data 15/11/2024, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato de servizo, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, segundo o artigo 159 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 23/10/2024, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 30/10/2024.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 18/11/2024 coas seguintes observacións e recomendacións:

“ Os pregos de prescricións técnicas particulares non deberían conter declaracións ou cláusulas que deban figurar no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (art. 68.3 do RXLCAP). Non obstante, no PCAP recóllese que, en caso de discrepancia, prevalecerá o recollido no PCAP. “

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do contrato para a prestación do servizo de proxección dun videomapping na torre do homenaxe do Castelo de Soutomaio da Deputación de Pontevedra.



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 8MVOFXJQPA3Q0WNK) e de prescricións técnicas (CSV: DCSW7BMTQ6AXDWHC) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/433.3360.227.99 (Proxecto de gasto 24_0021 Gasto do Nadal 2024 Castelo Soutomaior)	46.691,13 €

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

23.34405.- INVITACIÓNS AS EMPRESAS SELECCIONADAS PARA PRESENTAR PROPOSICIÓNS NO PROCEDIMENTO RESTRINXIDO CONVOCADO PARA A ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO DO SERVIZO DE ASISTENCIA, ASESORAMENTO, DEFENSA LETRADA E REPRESENTACIÓN EN XUÍZO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, NO EIDO DE RECURSOS HUMANOS, EMPREGO PÚBLICO E PATRIMONIO.. (Expte.2024036049).

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2024, aprobou o expediente para a tramitación anticipada da contratación, mediante procedemento restrinxido, do “Acordo marco do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra e do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no eido de recursos humanos, emprego público e patrimonio”.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 1 de outubro de 2024. Na mesma data, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas reguladores do procedemento.

A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 17 de outubro de 2024, procede á descrición e descarga dos sobres A, correspondentes ás solicitudes de participación no procedemento, que presentaron as seguintes empresas:

- Mardoc Gabinete Jurídico, S.L. (CIF: B05468327)
- Parada y Cotelo, S.L. (CIF: B70464995)
- KPMG Abogados, S.L.P. (CIF: B78503778)
- Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L. (CIF: B80909278)
- J & A Garrigues, S.L.P. (CIF: B81709081)
- Ceca Magán Abogados, S.L.P. (CIF: B85313997)



Visto que, conforme ao artigo 141 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a cláusula 13 da parte xeral do prego administrativo, o Secretario da Mesa de Contratación, con data 28 de outubro de 2024 (Rexistros saída NOT2024027554, NOT2024027555 e NOT2024027553) require ás empresas Mardoc Gabinete Jurídico, S.L., Parada y Cotelo, S.L. e KPMG Abogados, S.L.P., concedéndolles un prazo de tres días naturais para corrixir os defectos observados pola Mesa de Contratación.

Visto que as empresas Parada y Cotelo, S.L. e KPMG Abogados, S.L.P. atenden ao requirimento, presentando a documentación correspondente na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistros entrada WEB2024066849 e WEB2024069431). A empresa Mardoc Gabinete Jurídico, S.L. non presenta documentación ningunha no prazo concedido.

Visto que, na sesión da Mesa de Contratación de 14 de novembro de 2024, o Secretario, mediante escrito CSV: 52XJQ5M1X7ERDLE7, informa dos resultados da valoración do sobre A, de solicitudes de participación no procedemento e documentación administrativa, que son os seguintes:

Criterio 1. Maior importe de cobertura no seguro de indemnización por riscos profesionais, superior ao mínimo esixido como solvencia económica, ata un máximo de 20 puntos					
Mardoc Gabinete Jurídico, S.L.	Parada y Cotelo, S.L.	KPMG Abogados, S.L.P.	Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.	J &A Garrigues, S.L.P.	Ceca Magán Abogados, S.L.P.
15	20	20	20	20	20
Criterio 2. Maior importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) da relación dos principais servizos esixida como solvencia técnica, ata un máximo de 20 puntos					
Mardoc Gabinete Jurídico, S.L.	Parada y Cotelo, S.L.	KPMG Abogados, S.L.P.	Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.	J &A Garrigues, S.L.P.	Ceca Magán Abogados, S.L.P.
0	3,63	12,46	20	6,88	2,13

TOTAL PUNTUACION A (Ata un máx. de 40 puntos)

Mardoc Gabinete Jurídico, S.L.	Parada y Cotelo, S.L.	KPMG Abogados, S.L.P.	Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.	J &A Garrigues, S.L.P.	Ceca Magán Abogados, S.L.P.
Excluída*	23,63	32,46	40	26,88	22,13

*Mardoc Gabinete Jurídico, S.L. non acredita a solvencia técnica esixida como mínima na cláusula 8.1 do PCAP (53.396,70 euros).

Visto que, na sesión do 14 de novembro de 2024, a Mesa de Contratación, en atención ao exposto, propón ao órgano de contratación a exclusión da empresa Mardoc Gabinete Jurídico, S.L., por non acreditar a solvencia técnica mínima, e selecciona ao resto das empresas, propondo ao órgano de contratación que as invite a presentar proposición.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a proposta realizada pola Mesa de Contratación, na súa sesión celebrada o día 14 de novembro de 2024, e, en base á mesma, excluír do procedemento restrinxido convocado para a adjudicación do “Acordo marco do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra e do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no eido de recursos humanos, emprego público e patrimonio” á empresa Mardoc Gabinete Jurídico, S.L. (CIF: B05468327), por non acreditar a solvencia técnica esixida como mínima na cláusula 8.1 do prego de cláusulas económico administrativas regulador da presente contratación, e
2. Invitar a presentar proposición no presente procedemento, na forma, lugar e prazo establecidos na cláusula 7 do prego administrativo, ás empresas seleccionadas pola Mesa de Contratación, que son as seguintes:
 - Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L. (CIF: B80909278)
 - KPMG Abogados, S.L.P. (CIF: B78503778)
 - J & A Garrigues, S.L.P. (CIF: B81709081)
 - Parada y Cotelo, S.L. (CIF: B70464995)
 - Ceca Magán Abogados, S.L.P. (CIF: B85313997)

A presentación das proposicións (sobre B e C) realizarase exclusivamente a través do Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, ata ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

24.34406.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO FORMALIZADO CON “LA VOZ DE GALICIA, S.A.” PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2024. (Expte.2023069090).

Por Resolución Presidencial de data 04/10/23, número 2023007465, aprobouse o Plan de Comunicación da anualidade 2024 da Deputación de Pontevedra. No apartado referido aos medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítase entre outros a La Voz de Galicia como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá marcha a institución provincial

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria de 29/12/23 adoptou, entre outros, o acordo de adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación dos servizos publicitarios con “LA VOZ DE GALICIA, S.A.” para a anualidade 2024.



A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poda superar o importe de 190.000,00€.

A xefa do servizo de Comunicación Institución informa en data 25/10/24, que na data actual o importe do contrato atópase practicamente esgotado, resultando a contía pendente insuficiente para dar cobertura ás diferentes accións que promoverá a institución provincial no que resta do ano 2024.

Por tal motivo propónse a necesidade de levar a cabo a modificación no importe do contrato que permita realizar insercións publicitarias no citado medio, tanto na súa edición en papel como na súa páxina web www.lavozdegalicia.com, para dar a coñecer á cidadanía as diferentes campañas con relevancia e interese social que promoverá a institución provincial no que resta do 2024.

A valoración da modificación proposta para o contrato suporá un incremento de gasto autorizado nun importe de 19.000,00€ (IVE engadido), o que supón un 10% do prezo de adxudicación do contrato.

Visto que o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio da Deputación de Pontevedra, con data 29/10/2024, no que informa o seguinte (csv XWN9995P4O19ADSD) :

“(…) Visto que non existiu previsión no prego de modificación do contrato, examínase se a modificación proposta atopa a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan nos apartados do artigo 205.2 LCSP e se se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Vendo que a causa da proposta é a insuficiencia do importe comprometido para a execución das campañas publicitarias, a única opción que pode acoller tal circunstancia é a prevista no apartado c).

Tendo en consideración o informe do servizo de comunicación, de data 8 de setembro de 2023, non se observa con esta modificación un cambio da natureza material do obxecto do contrato inicial.

Non é posible a participación ou a selección doutras empresas no procedemento, por que a adxudicataria goza dunha exclusividade, por titularidade, sobre o medio de comunicación en donde se pretende publicar.

Tampouco se advierte unha alteración económica en beneficio do contratista, xa que non se varían os prezos unitarios senon que unicamente se incrementan o número de publicacións inicialmente estimadas, sen que se produza unha alteración da contía total do contrato superior ao 10%.”

Polo anteriormente exposto, non se ve inconveniente para levar a cabo da modificación do contrato con La Voz de Galicia, S.A.”

Con data 06/11/2024, préstase conformidade á proposta de modificación do presente contrato pola Secretaría Xeral (csv XWN9995P4O19ADSD).

Con data 12/11/2024 a empresa La Voz de Galicia, S.A. presenta escrito no que mostra a súa conformidade coa modificación do contrato.

Pola Intervención emítese documento de retención de crédito número de operación 202400233609, polo importe de 19.000,00€, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2024/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial, no que certifica que existe crédito dispoñible na referida aplicación, quedando retido dito importe.



Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 15/11/2024, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Sinalar que a aplicación 924.9200.226.02 de “Publicidade e propaganda” do Servizo de Comunicación Institucional presenta no orzamento do 2024, un crédito de 1.100.000,00€ e o importe do gasto dos servizos da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para o exercicio en curso, xa excede amplamente dita cantidade sen ter en conta as campañas singulares e diferenciadas nin outros gastos específicos. Polo que, esta situación debe evitarse no futuro.

A pesares de, tratarse dunha modificación non substancial que non require dunha clasificación da empresa contratista diferente á existida no procedemento de licitación orixinal, que non altera o equilibrio económico do contrato nin tampouco amplía de forma importante o ámbito do mesmo (o valor da modificación non excede do 10% do prezo inicial do contrato), estanse a producir modificación na maioría de contratos de cobertura publicitaria nos últimos anos. Por isto e para evitar este tipo de situacións irregulares, deberían terse en conta e incluírse no Plan de Comunicación e no expediente de contratación do servizo de publicidade, todas as liñas de actuación estratéxicas da Deputación de Pontevedra do vindeiro exercicio orzamentario.”

Tendo en conta o artigo 109.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberase reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación do contrato con LA VOZ DE GALICIA, S.A. (A-15000649), para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra, para a anualidade 2024, adxudicado pola Xunta de Goberno o día 29/12/23, á empresa LA VOZ DE GALICIA, S.A.

A modificación implica un incremento do gasto de 19.000,00 € (IVE engadido), o que supón un 10% do gasto estimado total, pasando o gasto a 209.000,00€ (IVE engadido).

2.- Autorizar o gasto por importe de 19.000,00 €, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2024/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial.

3.- Requirir á empresa La Voz de Galicia, S.A. para que no prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceda ao reaxuste da garantía definitiva constituída para este contrato, que pasa de 7.851,24 €, a cantidade de 8.636,36 €.



25.34407.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN DO DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2024 (Nº 6.34253), RELATIVO Á “ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN DE URXENCIA, CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA «LE CER EN FAMILIA 2024»”. (Expte.2024053612).

Resultando.- Que visto o erro padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión de data 11 de outubro de 2024 (número 6.34253), de adxudicación do procedemento aberto por tramitación de urxencia, convocado para a contratación do “servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “Lecer en familia 2024””.

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

Primeiro.- Corrixir o erro padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno en data 11 de outubro de 2024 (número 6.34253), de adxudicación do procedemento aberto por tramitación de urxencia, convocado para a contratación do “servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “Lecer en familia 2024””, no seguinte senso:

ONDE DI:

(...)

Primeiro:

(...)

O programa será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usuarias de acordo coa seguinte distribución:

- A Deputación subvencionará 2.097 prazas de réxime xeral por un importe máximo de 174.420,00€, conforme o seguinte:

Achega da Deputación (por praza)		Total financiación Réxime Xeral
Maiores de 12 anos	60,00€	174.420,00 €
Entre 3 e 12 anos (ambos inclusive)	30,00€	-
Menores de 3 anos	GRATIS	-

- 50 prazas de réxime especial, as subvencionará polo 100% do prezo unitario medio ofertado pola praza de adulto (maiores de 12 anos), o que resulta un importe de 4.540,00€.
- As persoas usuarias pagarán a cantidade de descontar do importe de adxudicación a contía que subvenciona a Deputación de Pontevedra.



DEBE DICIR:

(...)

Primeiro:

(...)

O programa será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usuarias de acordo coa seguinte distribución:

- A Deputación subvencionará 2.907 prazas de réxime xeral por un importe máximo de 174.420,00€, conforme o seguinte:

Achega da Deputación (por praza)		Total financiación Réxime Xeral
Maiores de 12 anos	60,00€	174.420,00 €
Entre 3 e 12 anos (ambos inclusive)	30,00€	-
Menores de 3 anos	GRATIS	-

- 50 prazas de réxime especial, as subvencionará polo 100% do prezo unitario medio ofertado pola praza de adulto (maiores de 12 anos), o que resulta un importe de 4.540,00€.
- As persoas usuarias pagarán a cantidade de descontar do importe de adxudicación a contía que subvenciona a Deputación de Pontevedra.

26.34408.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 26 DE XULLO DE 2024 (Nº 4.34077), POLO QUE SE APROBABAN AS “BASES REGULADORAS PARA O RECOÑECEMENTO DA CATEGORÍA DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (DEPO DAN E DEPO DAN+) E DEPORTISTA DE ALTO NIVEL DE BASE (DEPO TALENTO) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO ANO 2024 E DA CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR AS E OS DEPORTISTAS RECOÑECIDOS COA DEVANDITA CATEGORÍA PARA O ANO 2024”.
(Expte.2024024466)

ANTECEDENTES

Primeiro. A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo “Aprobación das bases reguladoras para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2024 e da concesión das axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2024”, na que se establecía un financiamento para as axudas de douscentos setenta e cinco mil (275.000,00) euros e os tipos de axudas e os seus importes.

Segundo. Unha vez finalizado o prazo de presentacións de solicitudes o 17 de setembro de 2024, presentáronse un total de 452 solicitudes, incrementándose en 136 solicitudes en comparación co ano 2023, o que fai un aumento do 43,04 %.



Terceiro. Posto que na aplicación 24/340.3400.481.01 das axudas existe crédito dispoñible por un importe total de 130.000,00 €, que a día de hoxe non se contempla utilizar para ningún programa ou axuda.

Cuarto. En data 18/11/2024, o servizo de Deportes emite informe-proposta (CSV:3Z0VMF67DXCXQD5Z) para a modificación do acordo de aprobación das bases de Xunta de Goberno, no relativo a seu apartado cuarto de financiamento, proponendo suplementar a contía total destinada a estas axudas en 130.000,00 € con cargo á aplicación 24/340.3400.481.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2024, establecendo un total de 405.000,00 €, sen que este incremento implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes, nin o inicio dun novo computo de prazo para resolver.

Quinto. Informado favorablemente a modificación das bases proposta polo servizo de deportes por parte de Intervención o 19/11/2024 e CSV: 3293Q7FRQ5PQYBKG.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Considerando ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a modificación das “bases reguladoras para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel ((DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2024 e da concesión de axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2024” aprobadas por Xunta de Goberno do día 26 de xullo de 2024 e publicadas no BOPPO nº 161 de 20 de agosto de 2024, no seu apartado cuarto de financiamento das axudas, suplementando a contía total destinada a estas axudas en 130.000,00 € con cargo á aplicación 24/340.3400.481.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2024, establecendo un total de 405.000,00 €.



27.34409.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Expte.2024073012)

Vista a relación de facturas con número 2024073012, que contén 8 facturas e por un importe de 22.780,99 € e con CSV: KFM1PBFHAWC9TGXO, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13/11/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	22.904,49 €
Descontos do IRPF.....	123,50 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	22.780,99 €

28.34410.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (Expte.2024073003)

Vista a relación de facturas con número 2024073003, que contén 1 factura e por un importe de 2.220,35 € e con CSV: MV6D30Y37F8KF5V8, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13/11/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	2.220,35€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	2.220,35€

29.34411.- APROBACIÓN POLO PROCEDEMENTO DE VALIDACIÓN DO GASTO, DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 1 DA OBRA DE EMERXENCIA PARA A “REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA EP 2204 SABARÍS BELESAR PQ 0+450 CONCELLO DE BAIONA”. (Expte.2024023816)

Por Resolución Presidencial núm. 2024003033 en data 16 de abril do 2024 adxudicase á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, SL (NIF B94181807) o procedemento de emerxencia da obra “Reparación de muro de contención na EP 2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+450 (Concello de Baiona)”, por un importe de 100.000,00 €, IVE incluído, estimándose un prazo de execución de CATRO (4) MESES.



No Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 26 de abril de 2024, deuse conta da resolución citada no parágrafo anterior, declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra citada.

En data 7 de outubro do 2024 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración a certificación núm. 1 e única da obra de emerxencia polo período comprendido entre o 16 de abril e o 16 de agosto do 2024, por importe de 83.031,54 €.

A directora da obra, en data 11 de outubro do 2024, emite un informe-memoria explicativa da obra considerando xustificada esta e informando favorablemente a súa tramitación e o pago da certificación emitida. Neste informe fai constar o seguinte: *“Debido á tipoloxía das obras non foi posible a elaboración dun presuposto certo, non sendo posible definir con precisión as unidades e as medicións da actuación, polo descoñecemento das características xeotécnicas do terreo a escavar e os danos reais no muro, na cimentación do mesmo e na explanada da estrada ata que se puidese acceder ó cauce do río con medios adecuados e valorar minuciosamente a actuación a levar a cabo.*

Previo ao inicio dos traballos (10 de maio de 2024) enviouse a Augas de Galicia a “Comunicación de inicio de obras de emerxencia en zona de afección hidráulica (Río Groba, Sabarís – Concello de Baiona)”, e se procedeu ó pago das taxas solicitadas por este organismo para a tramitación do devandito expediente. O primeiro que se fixo na obra foi proceder a sinalizar a zona afectada polo risco de derrube para poder realizar as obras de escavación nas cimentacións e contención coa seguridade precisa, impedindo o tránsito peonil pola beirarrúa. A circulación do tráfico rodado non se viu alterada. Debido ás choivas da primavera e ó nivel do cauce do río, que xa estaba alto debido ó chuvioso inverno pasado, o ritmo de execución das obras estivo condicionado pola climatoloxía e polas avenidas. Os rendementos dos medios adscritos á obra foron os adecuados para realizar as construcións en condicións de seguridade.

Realizáronse as seguintes actuacións:

- Construción de rampla para acceso ó cauce, mediante material limpo procedente de canteira (cachote).
- Instalación de barreiras anticontaminantes para evitar a contaminación do río augas abaixo.
- Construción de ataguía para desvío do río.
- Recalce da cimentación do muro en toda a súa lonxitude, mediante enchido de formigón armado baixo o alzado existente e posterior construción de losa de formigón armado de reforzo da cementación. Todo executado por bataches, con agotamento da auga.
- Reparación do alzado do muro existente, mediante cosido das grietas e aplicación de morteiro sen retracción de alta resistencia e resina epoxi.
- Escavación da beirarrúa e localización do socavón producido pola perda de material a través da base do muro. Enchido do socavón e posterior formigonado, incluso apuntalamiento do poste da rede de media tensión existente no lugar.
- Desmontaxe e reposición da barandilla existente.



Para estas unidades de obra empregáronse os prezos unitarios que habitualmente se utilizan nesta Administración para este tipo de obras. As unidades de obra executadas teñen carácter de emerxencia, sendo necesaria a súa execución para poder ter a estrada nas condicións adecuadas e con plenas garantías de seguridade para ser entregada ó uso público. O importe final de execución das obras ascende á cantidade de 57.664,80 euros (P.E.M.), que unha vez incrementado no 13% de gastos xerais, no 6% de beneficio industrial e no 21% de IVE, supón un importe total de 83.031,54 euros. Á vista do anteriormente exposto, esta dirección facultativa considera xustificada a obra realizada e informa favorablemente a tramitación e o pago da certificación emitida”.

Con data 17 de outubro do 2024 recíbese a obra e esténdese acta de recepción favorable con observacións e solicítase ao Servizo de Intervención a fiscalización da certificación emitida.

En data 7 de novembro do 2024, pola Intervención se informa que “dado que as unidades de obra que se certifican foron executadas, procedería a aprobación da certificación seguindo o procedemento de validación do gasto pola Xunta de Goberno”.

Así mesmo fai constar as seguintes observacións no seu informe:

“A certificación expídese con data 7 de outubro de 2024 e comprende a obra executada no período comprendido entre o 16 de abril de 2024 e o 16 de agosto de 2024, data da súa finalización. Debe terse en conta que segundo o disposto no artigo 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a expedición das certificacións debe realizarse mensualmente e nos primeiros dez (10) días seguintes ao mes que correspondan. Respecto da comprobación material do investimento, consta na acta de recepción as seguintes observacións por parte do representante da Intervención:

“Na documentación que xustificou e motivou a contratación non se atopa un orzamento desagregado nin prescricións exactas que han de cumprir as unidades de obra, polo que non é posible a comprobación de cumprimento algún. O fin da obra produciuse o 16/08/2024, procedéndose á recepción da mesma o día 17/10/2024, superándose amplamente o prazo establecido na lexislación para elo”. A pesar da dificultade o imposibilidade de redactar un proxecto con carácter previo ao inicio da execución das obras de emerxencia xunto co informe xustificativo da necesidade da súa contratación, debería achegarse como mínimo, unha memoria ou documento técnico que defina coa máxima precisión posible as necesidades da emerxencia a satisfacer, cunha estimación das partidas e do número de unidades a executar, a súa valoración aproximada e o orzamento total estimado. As actuacións pertinentes dende o coñecemento dos danos que ocasionaron a obra de emerxencia deberían facerse con maior axilidade xa que, este tipo de obras requiren dunha actuación inmediata para evitar posibles riscos.”.

Considerando.- O disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando.-Que segundo recolle a base 17ª de execución do actual presuposto, en referencia ó recoñecemento e liquidación da obriga, no suposto de que no proceso de fiscalización se detecte unha certificación non cumpra algún dos requisitos esenciais esixibles, e os requisitos incumpridos non implican a nulidade radical da obriga, validaraos a Xunta de Goberno.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento do exercicio 2024, concretamente na base 17.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO: Aprobar a certificación nº 1 (única) da citada obra, autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, SL		
(NIF B94181807)	24/456.4530.612.01.2023	83.031,54€
	SUBTOTAL	83.031,54€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	2.306,59€
Total descontos	Id.	2.306,59€
	TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR	80.724,95€

30.34412.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DE ESTUDOS PARA O CURSO 2024-2025 (Expte.2024074889)

De conformidade co indicado no artigo 68 do V Acordo Regulador para o persoal funcionario e artigo 81 do I Convenio Colectivo para persoal laboral desta Deputación Provincial, a Xunta de Goberno, tendo en conta o informe favorable de Intervención de data 19 de novembro de 2024, aproba por unanimidade a convocatoria e as bases reguladoras das axudas de estudos correspondentes ó curso académico 2024-2025, elaboradas pola Comisión Paritaria Mixta en desenvolvemento do previsto nos referidos artigos, e que comprende as seguintes:

1. Bases de axudas de estudos a funcionarios/as, con código CSV: R2BS8GTP2R43AR4Z
2. Bases de axudas de estudos universitarios a fillos/as de funcionarios/as de carreira ou laborais fixos, con código CSV: RQEO4RBFJKC9TE53
3. Bases de axudas de estudos non universitarios a fillos/as de funcionarios/as de carreira ou laborais fixos, con código CSV: RBCVMMZ5WPZ686F

As axudas obxecto da presente convocatoria concederanse con cargo á consignación económica contemplada na aplicación orzamentaria 921.3260.481.01, e conforme á táboa de módulos que se establece en función dos estudos cursados polas persoas interesadas e os grupos de clasificación do/a titular beneficiario/a das axudas.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 29/11/2024 12:13

31.34413 COMUNICACIÓN

Non houbo.

32.34414 FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

33.34415 ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 29/11/2024 11:46

